

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE DECEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.
- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o texto consolidado e addenda ao convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria de la Xunta de Galicia, S,A, polo que se establecen as achegas extraordinarias para mitigar o impacto da subida de tarifas dos anos 2024 e 2025 e se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), por importe total de tres millóns catrocentos trinta e cinco mil euros (3.435.000€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sistema público de saúde de Galicia para o ano 2024.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2024 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese de Antonio Basanta Fernández coma director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a Patricia García Sánchez.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para a promoción, dinamización, difusión e coordinación da Estratexia de Turismo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal por importe de cento noventa e cinco mil euros (195.000,00€) por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 por un importe total de un millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza á Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) a contratación mixta dunha obra de construción da planta de clasificación de residuos téxtiles de Cerceda e o seu servizo de xestión integral, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU - a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia, cun valor estimado de vinte e sete millóns catrocentos seis mil seiscentos sesenta e catro euros con sesenta e cinco céntimos (27.406.664,65€) e un orzamento base de licitación de vinte e catro millóns novecientos cincuenta mil cento corenta e cinco euros con corenta e cinco céntimos (24.950.145,45€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba o Plan de Infraestruturas educativas 2024-2028.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o concello de Ferrol para a mellora das instalacións deportivas nos centros educativos de titularidade municipal, por importe total de setecentos vinte e un mil cento sesenta e seis euros con cincuenta e nove céntimos (721.166,59€). Tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual, establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos na normativa de subvencións de Galicia, e eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024, e se procede á súa convocatoria. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: dez millóns cincocentos trinta e catro mil oitocentos corenta euros (10.534.840,00€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro da normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, nos supostos de xestación, nacemento, adopción, garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente no ano 2025 e se procede á súa convocatoria. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: trinta e un millóns novecentos noventa e tres mil cincocentos doce euros (31.993.512,00€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde da Consellería de Política Social e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: doce millóns douscentos dous mil oitocentos noventa e un euros (12.202.891,00€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: dous millóns douscentos mil euros (2.200.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Plataforma de organizacións de infancia de Galicia para a execución do Programa de promoción da convivencia segura e fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial. Importe: oitocentos oitenta e oito mil setecentos trinta e seis euros e vinte e oito céntimos (888.736,28€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Centros de Menores (AGACEME), para o desenvolvemento do programa de reforzo e apoio educativo integral dos nenos, nenas e adolescentes dos centros de protección á infancia e á adolescencia. Importe total: douscentos noventa e cinco mil trescentos noventa e nove euros con corenta e sete céntimos (295.399,47€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: cinco millóns trescentos noventa e nove mil novecentos noventa e catro euros (5.399.994,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de contratación, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de xestión integral do Centro de Atención á Discapacidade, titularidade da Xunta de Galicia, Souto de Leixa en Ferrol. Contrato reservado á entidades de iniciativa social. Tramitación anticipada do gasto. Importe do orzamento: oito millóns vinte e un mil douscentos trinta e sete euros con setenta e dous céntimos (8.021.237,72€). Valor estimado total: trece millóns oitocentos corenta e sete mil cento setenta e tres euros con vinte céntimos (13.847.173,20€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de contratación, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de xestión integral do Centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense, titularidade da Xunta de Galicia. Contrato reservado ás entidades de iniciativa social. Tramitación anticipada do gasto. Importe do orzamento: oito millóns setenta e cinco mil douscentos sesenta e dous euros con corenta e catro céntimos (8.075.262,44€). Valor estimado total: trece millóns novecentos cincuenta e seis mil seiscentos tres euros con doce céntimos (13.956.603,12€).
- Acordo polo que se aproba o Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do Programa galego de intelixencia artificial 2025-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN INFRAESTRUTURAS

- Acordo de construción dun edificio para 70 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela B3 do Plan especial de reforma interior das unidades de actuación Norte 1 e Norte 2 (Garabolos), avenida Paulo Fabio Máximo, Lugo, cun orzamento de licitación de trece millóns trescentos doce mil vinte e tres euros con noventa e dous céntimos (13.312.023,92 €), IVE incluído e un valor estimado de doce millóns cento un mil oitocentos trinta e nove euros con noventa e tres céntimos (12.101.839,93 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 76 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e local na parcela C1 do Plan especial de reforma interior das unidades de actuación Norte 1 e Norte 2 (Garabolos), avenida Paulo Fabio Máximo, Lugo, cun orzamento de licitación de catorce millóns oitocentos oitenta e catro mil cento trinta e sete euros con trinta céntimos (14.884.137,30 €), IVE incluído, e un valor estimado de trece millóns cincocentos vinte e seis mil novecientos vinte e catro euros con corenta e nove céntimos (13.526.924,49 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de rehabilitación de 6 edificios, para un total de 17 vivendas de promoción pública (VPP), en Viveiro, Ourense, Ribadavia e Tui, por lotes, cun orzamento de licitación de cinco millóns novecientos trinta e catro mil setecentos vinte e dous euros con vinte céntimos (5.934.722,20 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns trescentos noventa e cinco mil douscentos dous euros (5.395.202,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza resolver por mutuo acordo o contrato de concesión de obra pública Autovía do Barbanza (AG-11).
- Acordo polo que se autoriza resolver por mutuo acordo o contrato de concesión de obra pública Eixe de comunicacións A52-Fronteira Portuguesa: VAC A52-Celanova.
- Acordo polo que se autoriza resolver por mutuo acordo o contrato de concesión de obra pública Autovía do Salnés (AG-41).
- Acordo polo que se autoriza resolver por mutuo acordo o contrato de concesión de obra pública Autovía AG-56 Santiago-Brión, incluída a variante de poboación As Galanas (N-550)- Pardiñas (AG-56).
- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Consello da Avogacía Galega para prestar un servizo de asesoramento, intermediación e orientación xurídica en materia de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a addenda para o ano 2024 e a prórroga para o ano 2025 do contrato-programa entre a o Servizo Galego de Saúde e Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto asinado coa entidade Hospital Povisa, S.A., o 1 de setembro de 2014, que ten por obxecto a prestación de servizos de asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por importe de trinta millóns cento setenta e seis mil cincocentos vinte euros con corenta e cinco céntimos (30.176.520,45€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación polo procedemento negociado sen publicidade suxeito a regulación harmonizada, polo Servizo Galego de Saúde, de servizos de asistencia sanitaria especializada na Área Sanitaria de Vigo, por importe de cento noventa e catro millóns setecentos trinta e dous mil sesenta e cinco euros (194.732.065,00€) e un valor estimado de cincocentos vinte e cinco millóns setecentos setenta e seis mil cincocentos setenta e catro euros con noventa e nove céntimos (525.776.574,99 €). Tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA. LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida derivada do proxecto da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadias formativas en empresas ou entidades vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por importe de un millón douscentos setenta e un mil douscentos noventa e cinco euros e setenta e dous céntimos (1.271.295,72€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega das Industrias Culturais a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2025, por importe de cento setenta e seis mil euros (176.000,00€) e tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia a superar a porcentaxe en pagamentos á conta na resolución pola que se establecen, mediante a tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras para a concesión dunha bolsa de formación en materia de promoción e defensa da competencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por importe de once mil seiscientos nove euros con noventa céntimos (11.609,90 €).
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia a superar a porcentaxe en pagamentos á conta na resolución pola que se establecen, mediante a tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por importe de noventa e dous mil oitocentos setenta e nove euros con vinte céntimos (92.879,20 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para os anos 2025-2026-2027, por un importe total de trinta e dous millóns cento sesenta mil euros (32.160.000,00 €), así como para establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos anticipos nos termos indicados no convenio, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural a concesión de subvencións directas destinadas a compensar os prexuízos económicos producidos pola enfermidade hemorráxica epizootica en Galicia, por un importe de cinco millóns oitenta e catro mil oitenta e catro euros con noventa e sete céntimos (5.084.084,97€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a addenda que prorroga durante o ano 2025 o Contrato programa plurianual do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para o período 2021-2023.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (CETGA), para o estudo das estratexias de biorremediación na ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*) e no berberecho (*Cerastoderma edule*) -BIOREM-, tramitado como anticipado de gasto, por un importe total de seiscientos noventa e oito mil noventa e catro euros con sesenta e un céntimos (698.094,61 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón das axudas de apoio á competitividade da cadea produtiva mar-industria para 2025.
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas para 2025 a proxectos de mellora da produción e de restauración da biodiversidade no marco de actividades marisqueiras sustentables.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (ANFACO-CECOPESCA), para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros no ano 2025, por un importe total de cento sesenta mil euros (202.070,00 €).

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Declaración institucional da Xunta de Galicia: 2025, Ano de Castelao.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aproz-Economía Social) e se convocan para o ano 2025.
- Informe sobre a Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino e os premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra e se convocan para o ano 2025 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR451B).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre as axudas para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2024 ASCENDE A PRETO DE 2.000 PRAZAS

- Das 1.973 prazas da oferta de emprego público, 637 son de acceso libre
- O Goberno galego volve esgotar a taxa de reposición que marca o Estado
- Uns 300 empregados e empregadas públicas poderán ascender de categoría a través de procesos de promoción interna
- Ofértanse tamén 984 prazas para a funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Xunta e das entidades instrumentais do sector público autonómico para este ano 2024 que ascende a preto de 2.000 prazas (1.973), das cales máis de 600 (637) son de acceso libre. Na elaboración desta oferta, o Goberno galego aplicou a taxa máxima de reposición permitida polo Estado, que é a establecida no ano 2023, xa que son os últimos PXE aprobados. Este decreto será publicado nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Esta oferta tamén inclúe 300 prazas para a promoción interna do persoal funcionario de carreira, e 984 postos para continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. A isto hai que sumar outras 52 prazas para a promoción interna horizontal.

Esta oferta garante a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un emprego fixo, estable e de calidade na Administración autonómica, tamén o dereito do persoal empregado público a unha promoción profesional, así como continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo.

Prazas de acceso libre

Do total das 637 prazas de acceso libre, máis de 250 serán para os principais corpos e escalas da Administración xeral, entre as que destacan 165 prazas para persoal de limpeza e cociña, e 33 do corpo auxiliar (C2), así como 24 do corpo administrativo (C1), 10 irán para o corpo superior (A1), outras 10 para o corpo de xestión (A2) e 10 destínanse á escala de persoal subalterno e están reservadas para as persoas con discapacidade intelectual.

Máis de 300 prazas son para escalas da Administración especial, entre as que destacan 75 prazas de bombeiro/a forestal, 50 prazas de auxiliares de coidadores, 45 prazas de auxiliar de cociña ou 20 prazas de auxiliares de clínica.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias.

Así mesmo, ofértanse un total de 54 prazas de acceso libre en entidades do sector público autonómico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Promoción interna

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 300 prazas para a promoción interna do persoal funcionario de carreira, uns procesos reservados a empregados e empregadas públicas que xa son persoal funcionario e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

En concreto, convocaranse 18 prazas para o corpo superior (A1), 35 para o corpo de xestión (A2), 73 para o corpo administrativo (C1), ou 170 prazas para o corpo auxiliar (C2).

Ademais, a oferta tamén recolle 52 prazas para a promoción interna horizontal, un sistema de promoción previsto para dar a oportunidade de funcionarizarse ao persoal laboral fixo que non cumpre o requisito de antigüidade previsto na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para acceder ao proceso de funcionarización.

Funcionarización

Así mesmo, inclúense 984 prazas para continuar co proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo. A diferenza da promoción interna, estas probas non teñen carácter competitivo, senón que permiten modificar o réxime xurídico do traballador, que pasa de ser empregado laboral fixo a funcionario de carreira da Administración.

Prazas reservadas para persoas con discapacidade

A reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada o 11,09 % das prazas. Unha parte delas será para o acceso de persoas que acrediten discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7 % para facilitar o acceso da discapacidade á función pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA ESTATÍSTICO DA XUNTA DE GALICIA PARA 2025 INCLÚE 161 ESTATÍSTICAS SOBRE TERRITORIO, POBOACIÓN, SOCIEDADE, ESTRUTURA PRODUTIVA E TECNOLOXÍA

- Recolle novas estatísticas sobre mercado laboral, vivenda, deporte, acuicultura e sector forestal.
- Este é o cuarto programa do Plan Galego de Estatística 2022-2026, que consolida e amplía os logros dos anteriores e aposta pola calidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa Estatístico de Galicia para 2025, con 161 estatísticas sobre territorio, poboación, sociedade, estrutura produtiva e tecnoloxía, cuxos resultados incrementarán a oferta informativa achegada polos sistemas estatísticos español e europeo. A elas súmanse outras 48 actuacións para afondar na análise e difusión da información dispoñible sobre Galicia.

Entre as novidades salientan as estatísticas vencelladas co inventario forestal, os alugueiros de vivendas, as afiliacións á Seguridade Social, a mocidade no mercado laboral, o deporte e a acuicultura. Actualizar as proxeccións das taxas de actividade, realizar unha enquisa ás empresas multilocalizadas e ampliar a información recollida nos fogares sobre ocio, cultura, benestar e capital social son outras tarefas programadas no 2025.

Tamén se seguirá a primar a oferta de información con detalle territorial. Estimar o produto interior bruto municipal, desagregar as proxeccións de poboación por debaixo da comarca ou actualizar os datos sobre paro, afiliacións e pensións con detalle por cuadrícula de 1 Km² formarán parte do programa estatístico de 2025.

As actividades previstas para enriquecer o coñecemento da economía galega inclúen unha aplicación gráfica de consulta dos indicadores demográficos e migratorios, procurar metodoloxías para elaborar as contas forestais e a satélite do turismo, actualizar os modelos de previsión económica a medio prazo ou deseñar unha enquisa sobre ciberseguridade nas empresas, son outras actividades previstas que enriquecerán o coñecemento da economía galega.

O IGE seguirá afondando no aproveitamento da información administrativa para abaratar custos e reducir carga de resposta e no 2025 analizará como explotación para construír unha base de datos espacial e para aproximar activos, parados e ocupados.

No 2025 difundirase información económica do transporte e a loxística, en liña coas análises dos programas anteriores sobre pesca, cultura e deporte. As previsións do Plan Galego de Estatística 2022-2026 completaranse no 2026 co sector da minaría.

No 2025 seguiranse a realizar as grandes enquisas dos programas anteriores: Enquisa de Poboación Activa e Enquisa Estrutural a Fogares.

Cuarto programa do Plan Galego de Estatística 2022-2026

Este será o cuarto programa do Plan Galego de Estatística 2022-2026, marco legal que consolidará e ampliará os logros dos anteriores. Ademais, colocará a Galicia entre as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas.

O plan asume expresamente o código de conduta do Comité do Sistema Estatístico Europeo, que contempla os principios de independencia profesional do persoal estatístico, imparcialidade, obxectividade e transparencia, entre outros. Por tanto, a organización estatística de Galicia queda sometida a estes valores e o Goberno galego comprométese a respectalos e impulsalos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO CONVENIO COA CONCESIONARIA DAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS QUE MANTÉN AS BONIFICACIÓNS E CONSOLIDA A LIMITACIÓN NA SUBA DAS PEAXES EN 2025

- O Goberno galego investirá o vindeiro ano 4,9 M€ para continuar bonificando as tarifas das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57), que continuarán sendo das máis baixas de España
- Actualízanse as tarifas segundo o 95 % do IPC interanual, o 1,7 % a partir do 1 de xaneiro, pero consolidando as conxelacións de anos anteriores e mantendo a tarifa un 15 % por debaixo do que lle correspondería
- O acordo posibilitará tamén manter o vindeiro ano as bonificacións habilitadas por recorrenza, en horario nocturno ou para as familias numerosas
- Un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona aforrará 260 € en 2025 e 368 € no percorrido A Coruña-Carballo, unhas cifras que aumentarán a 584 € ou 863 €, respectivamente, para familias numerosas
- No período entre 2022 e 2025, un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona terá aforrados uns 830 € ao final do vindeiro ano, entre os catro exercicios, e ata 1.182 € no traxecto A Coruña-Carballo
- Se se trata dunha familia numerosa, o aforro increméntase a 2.112 € para a o itinerario Vigo-Baiona e a 3.143 € para A Coruña-Carballo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a addenda ao convenio coa concesionaria Autoestradas de Galicia para manter as bonificacións actuais das peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57) e consolidar para 2025 as conxelacións na suba das peaxes de anos anteriores, actualizando unicamente o mínimo contractual.

O Goberno galego destina un investimento de 4.900.000 euros en 2025 coa ampliación do convenio vixente que acaba de aprobar, co que a Xunta de Galicia consolida a limitación da suba das peaxes en 2021 e a súa conxelación en 2023 e 2024 cando a inflación estaba desbocada e as familias o precisaban, permitindo consolidar esa conxelación e só actualizar agora segundo o IPC.

Deste xeito, durante o ano 2025, as tarifas resultantes das peaxes nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 actualizarán as tarifas vixentes en 2024, segundo o 95 % do IPC interanual outubro 2023-outubro 2024. Isto é 1,7 % a partir do 1 de xaneiro, manténdose ademais os descontos vixentes o próximo ano. Deste modo, a tarifa manterase un 15 % por debaixo da que correspondería de terse actualizado segundo o contrato nos últimos anos.

Esta medida ten como obxectivo beneficiar aos preto de 28.000 usuarios diarios destas dúas vías autonómicas para o vindeiro exercicio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, as peaxes en AG-55 e AG-57 consolidan a conxelación das bonificacións vixentes para os distintos itinerarios, nos diferentes treitos.

Bonificacións

A addenda ao convenio aprobado hoxe polo Executivo autonómico posibilitará continuar coa aplicación das distintas liñas de bonificacións impulsadas pola Xunta nas autoestradas autonómicas, que seguirán sendo as máis baratas de Galicia e das máis económicas de España.

O Goberno galego ampliou no ano 2021 o desconto do 25 % da volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Con esa modificación, estendeuse ás 24 horas despois do traxecto de ida o desconto do 25 % da viaxe de volta, e do 50 % na segunda viaxe de volta. Reforzouse así o anterior período de bonificación que establecía que a volta debía realizarse no mesmo día natural que a ida, favorecendo as persoas que se desprazan por estas vías para acceder aos servizos públicos ou acceder ao seu lugar de traballo.

Tamén seguirán en vigor a bonificación ás familias numerosas nas estradas autonómicas, descontando o 100 % da viaxe de volta a este colectivo.

Estes descontos son compatibles con outras bonificacións en funcionamento como a rebaixa do 50 % en horario nocturno.

Aforros

O efecto conxunto dunhas tarifas rebaxadas ao actualizar unicamente o 1,7 % do IPC, unido ás bonificacións para usuarios recorrentes nas autoestradas autonómicas permitirá, por exemplo, que un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona manteña un aforro duns 260 € en 2025, unha cifra que acada ata os 368 € no percorrido A Coruña-Carballo.

No caso de que se trate de viaxes nocturnas ou de familias numerosas, o aforro continuará sendo aínda maior. Así, por exemplo, un membro de familia numerosa aforrará 584 € no ano 2025 no percorrido Vigo-Baiona e 863 € no percorrido A Coruña-Carballo.

No período entre 2022 e 2025, un usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona terá aforrados uns 830 € ao final do vindeiro ano, entre os catro exercicios, e ata 1.182 € no traxecto A Coruña-Carballo. Se se trata dunha familia numerosa, o aforro increméntase a 2.112 € para a o itinerario Vigo-Baiona e a 3.143 € para A Coruña-Carballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA CON 1.172 PRAZAS

- Ás 1.157 prazas ofertadas polo Servizo Galego de Saúde, engádense 15 máis de persoal sanitario funcionario
- O Goberno galego esgota a taxa máxima de reposición e, como novidade, poderá convocar prazas adicionais en caso de xubilacións que se produzan en 2025 ou 2026
- Nas futuras convocatorias incluíranse prazas pendentes de 2022 e 2023, co cal se chegarán a ofertar 2.090 prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e 34 de persoal sanitario funcionario da consellería

O Consello da Xunta, na súa reunión semanal, aprobou os decretos das ofertas de emprego público do ano 2024 de persoal estatutario do sistema público de saúde e de persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma, cunha oferta total de 1.172 prazas.

Por unha banda, o Servizo Galego de Saúde distribúe 1.157 prazas en 309 prazas de persoal na categoría de licenciado sanitario, 526 de diplomado sanitario e de formación profesional e 322 prazas na categoría de xestión e servizos.

No referido ao persoal facultativo destacan as 38 prazas na especialidade de médico de urxencias hospitalarias, 23 de medicina interna, 15 psiquiatría ou 13 de pediatría en atención primaria.

En canto ao persoal diplomado sanitario e de formación profesional, son salientables as 152 prazas pertencentes ás diferentes especialidades de enfermaría, 331 destinadas a técnicos en coidados auxiliares de enfermaría ou 15 reservadas para fisioterapeutas.

Ademais, a oferta destinada ao persoal de xestión e servizos inclúe, entre outras, 150 prazas de celador, 70 do grupo de auxiliar da función administrativa, e 51 para persoal de servizos xerais.

Do conxunto das 1.157 prazas que integran a oferta de emprego público (OPE) deste ano, 58 reservaranse para persoas con discapacidade xeral e outras 24, a persoas con discapacidade intelectual.

Esta nova oferta de 1.157 prazas, sumada ás prazas pendentes de convocar das ofertas de persoal estatutario para os anos 2022 e 2023, posibilitará a execución de novas convocatorias de procesos selectivos en que se incluírán 2.090 prazas do sistema sanitario público de Galicia.

No que atinxe á oferta de persoal sanitario funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria, componse de 5 prazas de inspectores médicos, 4 de graduados en enfermaría, 4 de licenciados en farmacia e 2 en psicoloxía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tanto nas prazas de enfermaría como de psicoloxía resérvase unha praza en cada clase para a quenda de discapacidade xeral.

Ás convocatorias da presente oferta de emprego público sumaranse as prazas pendentes de convocar da oferta de 2023 e así chegarán ás 34.

O sistema de selección para ambas as ofertas será o de concurso-oposición e incluírá as prazas que corresponden para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

No caso das convocatorias do Servizo Galego de Saúde, manterase unha puntuación especial nos baremos de méritos das categorías ou especialidades de medicina que valore ter prestado servizos en hospitais comarcais ou centros de saúde illados.

Cobertura de xubilacións áxil

Coa finalidade de reducir a temporalidade, como novidade, as convocatorias que se realicen en execución deste decreto poderán incluír, ademais das prazas autorizadas nel, un número de prazas adicionais para cubrir futuras vacantes derivadas de xubilacións a cargo das ofertas de emprego público dos anos 2025 e 2026.

A propia oferta que se aprobou hoxe para 2024 supón esgotar a taxa máxima de reposición permitida pola lexislación estatal, que é do 120 % no caso do Servizo Galego de Saúde e do 110 % no referido á Consellería de Sanidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tomará posesión no cargo substituíndo a Antonio Basanta, á fronte desde o 2022

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PATRICIA GARCÍA SÁNCHEZ COMO DIRECTORA XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DA CONSELLERÍA DO MAR

Na actualidade viña desempeñando a xefatura do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal no departamento territorial de Lugo da Consellería de Política Social e Igualdade

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Patricia García Sánchez como directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar.

Licenciada en Dereito pola Universidade de Oviedo, é funcionaria da Xunta de Galicia desde o 2013, pertencendo ao subgrupo A2 desde o ano 2022. Foi xefa do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal no departamento territorial de Lugo da Consellería de Política Social e Igualdade desde o 11 de xaneiro de 2023 ata a actualidade.

Desempeñou as tarefas de directora-administradora da Residencia de Maiores de Burela dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en Lugo, entre o 1 de febreiro de 2018 e o 9 de marzo de 2021, e de xefa da sección da Administración xeral e persoal na Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Celeiro, desde o 25 de maio de 2021 ao 15 de decembro de 2022.

Foi, ademais, técnica de medio ambiente no Concello de Ribadeo e exerceu na actividade privada coma avogada *junior* no Departamento de Dereito Público no despacho de Garrigues en Oviedo durante 3 anos.

Entre o 2007 e o 2009 cursou un *Máster Executive* en Dereito Empresarial, impartido polo Centro de Estudos Garrigues en colaboración coa Universidade de Harvard.

García substituirá na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a Antonio Basanta, á fronte do departamento desde maio de 2022.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (AECT) DESENVOLVERÁN ACCIÓNS TURÍSTICAS DE PROMOCIÓN DO XACOBEO 2027

Turismo de Galicia e a entidade transfronteiriza asinarán un convenio que permitirá fortalecer as relacións entre a Xunta de Galicia e as entidades políticas, económicas e culturais portuguesas

O Consello da Xunta de Galicia autorizou este venres a sinatura dun acordo de colaboración entre Turismo de Galicia e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT) para a promoción, dinamización, difusión e coordinación da Estratexia de Turismo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O acordo permitirá reforzar as relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas.

Ademais, intensificarase a colaboración e aproximación coas distintas asociacións públicas e privadas, en especial as asociacións portuguesas do Camiño de Santiago, así como cos concellos e entidades rexionais de Galicia e de Portugal e realizaranse accións de dinamización de accións conxuntas, turístico-culturais pero tamén nos demais ámbitos entre Galicia e Portugal. Ao tempo, fomentarse a cooperación e integración entre os actores do sector turístico interrexional.

O convenio, que terá unha vixencia de dous anos, recolle o interese de Turismo de Galicia por desenvolver unha intensa divulgación entre a poboación dos anos santos xacobeos. Estes constitúen para a comunidade galega unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia autonomía.

O Camiño Portugués xa é a ruta xacobeá que máis medra -a razón dun 8 % anual e dun 42 % na súa variante pola Costa- e cada vez con maior peso internacional, cun 65 % dos peregrinos procedentes doutros países. Esta ruta interior, xunto coa súa variante pola Costa, son o segundo e o terceiro itinerario xacobeo máis transitado -con máis de 169.000 Compostelas recollidas no que vai de ano en ambas as rutas.

No ámbito turístico en xeral, Galicia está a rexistrar un constante crecemento do mercado internacional. Os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) destacan o incremento do 22 % no pasado mes de novembro en viaxeiros estranxeiros, sendo precisamente Portugal o país de procedencia que acadou a maior suba cun 45,6 % sobre os datos do mesmo mes en 2023.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento deste acordo achegando un total de 195.000 euros que se distribuirán nas anualidades 2025 e 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,8 M€ ÁS AXUDAS PARA PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR NO PERÍODO 2025-2027

- O Consello do Goberno galego aproba o lanzamento dunha nova convocatoria o vindeiro ano con achegas de ata 600.000 euros para ONGD que actúen en países de intervención prioritaria
- A medida enmárcase no V Plan director da cooperación galega 2023-2026, que establece a planificación estratéxica na materia

O Consello da Xunta aprobou hoxe financiar con 1,8 millóns de euros a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidas por organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD) no período 2025-2027. Así, o vindeiro ano publicarase unha nova orde de axudas con carácter plurianual, que ten como obxectivo propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención e contribuír á loita contra a pobreza mediante o impulso socioeconómico e cultural sustentable.

As entidades beneficiarias distribuiranse un crédito de 540.000 euros en 2025 e de 630.000 euros nos anos 2026 e 2027. Financiarase ata o 95 % do orzamento do proxecto, con achegas de ata 600.000 euros para cada un deles.

A medida vai dirixida a entidades inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento con polo menos cinco anos de antelación á data da convocatoria, e que realizasen no último lustro un mínimo de cinco proxectos de cooperación para o desenvolvemento financiados pola Xunta no marco das axudas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Deberán tamén contar cunha persoa contratada en Galicia nese período.

Financiaranse proxectos realizados a partir de 2025 e ata 2027, cunha duración de entre 25 e 36 meses, nalgún dos países definidos como prioritarios no V Plan director da cooperación galega 2023-2026. Trátase de Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde.

A iniciativa enmárcase na aposta do Goberno galego pola promoción de programas que melloren o impacto das actuacións, aumentando a duración do financiamento das intervencións en cooperación exterior, tamén en liña co establecido no V Plan director da cooperación galega.

Cómpre sinalar que este documento establece a planificación estratéxica do Goberno galego en materia de cooperación para o desenvolvemento ata 2026. Recolle o avance nos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais ou loitar contra o cambio climático. Así, o plan alíña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os seus ODS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 25 M€ Á CONSTRUCIÓN E XESTIÓN DA PRIMEIRA PLANTA PÚBLICA DE CLASIFICACIÓN DE RESIDUOS TÉXTILES DE GALICIA

- A previsión é que estea lista para funcionar en xuño de 2026 e, segundo salientou Rueda, que teña capacidade para procesar “3.000 toneladas de residuos ao ano”
- As instalacións prepararán para a reciclaxe os restos de roupa procedentes das entidades de economía social ou dos contedores da rúa
- Esta nova infraestrutura enmárcase no *hub* téxtil que quere impulsar o Goberno autonómico para atraer á Comunidade investimentos e empresas ligadas ao sector

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico destinará 25 millóns de euros “á construción e xestión da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles de Galicia”, que se localizará no Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda. Unha iniciativa que se enmarca no obxectivo de mellorar as taxas de reciclaxe e promover a economía circular.

Tal e como explicou o presidente, esta planta “terá capacidade para procesar 3.000 toneladas anuais”, coa posibilidade de ampliarse ata, aproximadamente, as 24.000 toneladas por ano. E a súa misión será preparar para “reciclar os residuos téxtiles procedentes tanto das entidades de economía social coma dos contedores da rúa”.

O contrato, cuxa licitación se publicará nos vindeiros días logo de ser autorizado hoxe polo Consello da Xunta, incluírá a construción da planta, que se financiará con fondos propios e cunha achega de 10,2 millóns de euros do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), e a xestión integral da instalación por un período de dous anos, coa posibilidade de ser prorrogada por outros dous anos máis.

A previsión do Goberno galego é que a nova planta, que constitúe un dos eixos do Plan estratéxico de Sogama para o período 2025-2030, poida estar rematada e lista para funcionar en xuño de 2026. Para acadar ese obxectivo, a empresa adxudicataria terá 4 meses de prazo para a entrega e a aprobación do proxecto e algo máis de 9 meses para levar a cabo a execución da obra.

O cometido desta instalación centrarase na selección de téxtiles por composición e cores. O material seleccionado enviarase aos centros recicladores para a obtención de fibra téxtil reciclada a partir da que se confeccionarán novas prendas, aínda que tamén se poderán destinar a outros usos como a fabricación de material illante. No caso da parte non reciclable, e tendo en conta a infraestrutura coa que conta Sogama, procederase á súa valorización enerxética co fin de evitar o seu depósito en vertedoiro, que, segundo a xestión xerarquizada de residuos establecida pola UE, é a opción máis contaminante.

Cómpre lembrar que, de acordo coa Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular, desde o 1 de xaneiro de 2025 os concellos terán que implantar a recollida diferenciada dos residuos téxtiles, quedará prohibida a súa exportación e a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destrución dos excedentes non vendidos e obrigarse aos produtores a incorporar unha porcentaxe de fibras téxtiles recicladas na fabricación de novos produtos, o que incrementará a demanda deste material.

Ademais, a posta en marcha desta infraestrutura pioneira en Galicia contribuirá a incrementar as actuais taxas de separación e de reciclaxe. Na actualidade só se recolle separadamente o 10,2% do residuo téxtil e o 7% do lixo que chega a Sogama na bolsa negra (a que se deposita no contedor xenérico) é deste tipo.

Esta planta enmárcase no proxecto estratéxico do Goberno autonómico para impulsar un *hub* ou polo téxtil cunha rede de infraestruturas que axude a atraer investimentos, empresas e proxectos relacionados cun sector en alza e que nos próximos anos se agarda que realice unha grande aposta pola reciclaxe e a innovación.

Infografía da futura planta de clasificación de residuos téxtiles



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O INVESTIMENTO DE PRETO DE 500 M€ EN OBRAS DE MELLORA EN CENTROS EDUCATIVOS AO ABEIRO DO PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA

- Anuncia a aprobación da segunda fase desta follla de ruta, cun investimento inicial de máis de 267 M€ para o período 2025/28, que se suman aos 230 M€ xa executados
- Consolídase un investimento sen precedentes para un novo modelo de centros educativos, adaptados ao século XXI e máis respectuosos co ambiente
- Está previsto construír novos centros e ampliar aqueles onde é necesario, ademais de acometer rehabilitacións integrais ou cambios de cuberta
- Tamén actuacións de enerxías renovables e numerosas obras de mediana e pequena envergadura como instalación de ascensores ou renovación de aseos
- Hoxe mesmo licítanse xa unha trintena de novas actuacións por máis de 15 M€, que se executarán grazas aos orzamentos de 2025

O titular do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, informou hoxe da aprobación por parte do Consello da Xunta da segunda fase do Plan de nova arquitectura pedagóxica, o que eleva a preto de 500 M€ o investimento en obras de mellora en centros educativos do Goberno galego ao abeiro desta follla de ruta. O investimento inicial para o período 2025-28 é de máis de 267 M€, que se suma aos 230 M€ executados entre 2021 e 2024 con intervencións “practicamente no 100 % dos centros”.

Tal e como explicou o presidente da Xunta, neste marco está previsto construír novos centros e ampliar aqueles onde é necesario, ademais de acometer rehabilitacións integrais ou cambios de cuberta. Tamén se executarán actuacións de enerxías renovables e numerosas obras de mediana e pequena envergadura como instalación de ascensores ou renovación de aseos, entre outros.

Hoxe mesmo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP anticipa xa a licitación “por 15 M€ aproximadamente dunha trintena de obras en centros educativos”, que se executarán grazas aos orzamentos de 2025 xa aprobados.

Modelo pioneiro

A segunda fase do Plan de nova arquitectura pedagóxica consolida un investimento sen precedentes nun dos parques inmobiliarios máis grandes da Xunta de Galicia, o dos centros educativos, integrado por arredor de 1.600 edificios.

Ao mesmo tempo avánzase cara a un novo modelo de centros de ensino, pioneiro, con instalacións adaptadas ás necesidades do ensino do século XXI, máis flexibles e versátiles. Apóstanse tamén por colexios e institutos máis respectuosos co ambiente desde o punto de vista do consumo enerxéticos e da súa integración na contorna.

Necesidades demográficas e formativas

Nesta segunda fase construíranse ou ampliáranse case medio cento de centros educativos, cun orzamento total de máis de 117 M€. Entre eles, Rueda destacou a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

construción de algúns como “o novo Colexio CEIP do Milladoiro ou o novo instituto IES Domingo Villar de Navia (Vigo) e o do Pereiro de Aguiar”. Nos últimos catro anos acometeuse a construción e ampliación de 30 centros, cun importe total de máis de 67 M€.

A creación de novos centros e as ampliacións non só dan resposta ás necesidades de incrementar prazas en determinados concellos con necesidades demográficas ou formativas, senón que tamén atenden ao crecemento da matrícula de FP nos últimos anos.

Neste sentido, están xa comprometidas ampliacións como aos dos centros integrados de FP CIFP Imaxe e Son e Paseo das Pontes e do Instituto IES Agra do Orzán, na Coruña; do CIFP Fraga do Eume (Pontedeume), do CIFP Ferrolterra, en Ferrol, e dos CIFP A Farixa e A Carballeira-Marcos Valcárcel, en Ourense. Tamén do IES Ramón María Aller Ulloa, en Lalín. Ademais, estase xa traballando nas reformas dos CIFP Manuel Antonio e Valentín Paz Andrade, ambos en Vigo.

Avanzar na eficiencia enerxética

Por outra banda, están previstas 134 actuacións de rehabilitación de centros, co principal obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética, cun investimento estimado de 89 M€. Trátase de obras que abranguen illamento térmico de fachadas, cambio de cubertas, renovación de fiestras ou colocación de luminarias led, entre outras. No período 2021-24 acometéronse 241 destas intervencións, cun importe de máis de 103 M€.

Así mesmo, seguirase avanzando en dotar os centros educativos de instalacións de enerxías renovables, intervencións cun investimento de máis de 5M€, incluíndo tanto instalacións fotovoltaicas como de biomasa. Na primeira fase do plan executáronse 81 destas actuacións, cun investimento de 6,7M€.

Ademais, achegaranse máis de 6 M€ para case unha vintena de melloras varias en centros de ensino, que se engaden ás 24 obras desta tipoloxía incluídas na primeira fase do plan, cun investimento de case 5,7 M€.

A estas grandes obras, máis de 200 intervencións, sumaranse outros preto de 50 M€ en actuacións de pequena e mediana envergadura, que adoitan concretarse ano a ano para executalas de xeito preferente no verán. O seu obxectivo é mellorar as instalacións dos centros e os seus servizos e inclúen traballos de pintura, melloras de accesibilidade ou reformas en patios, entre moitas outras. Nos últimos catro anos desenvolvéronse 2.273 destas obras cunha inxección de 46,8M€.

Máis de 15 M€ no arranque

A segunda fase do Plan de nova arquitectura pedagóxica arranca xa hoxe coa licitación, por anticipado de gasto, dunha trintena de novas obras por máis de 15 M€. Estas actuacións contan xa con partidas suficientes consignadas nos orzamentos de 2025 e son as que se reflicten na seguinte táboa:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONCELLO	CENTRO	TIPO DE ACTUACIÓN	IMPORTE
Vigo	CIFP Valentín Paz Andrade	Cambio de cuberta	1.978.849,02 €
Carballo	IES Alfredo Brañas	Rehabilitación integral	1.774.748,77 €
Sada	CEIP Pedro Barrié de la Maza	Rehabilitación integral e reforma da instalación eléctrica	1.649.054,88 €
Teo	CEIP Plurilingüe A Igrexa-Calo	Rehabilitación integral	960.484,96 €
Betanzos	CEIP Francisco Vales Villamarín	Rehabilitación integral	910.027,25 €
Meira	CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz	Rehabilitación integral	908.685,81 €
Vilagarcía de Arousa	CEIP Plurilingüe Arealonga	Obras de ampliación	712.747,20 €
Vilanova de Arousa	CEIP Plurilingüe de Sestelo-Baión	Construción de cuberta e urbanización do patio	673.317,97 €
A Pobra de Trives	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	Cambio de cuberta	632.822,28 €
Agolada	CEIP Plurilingüe de Agolada	Rehabilitación integral	631.919,09 €
Arbo	CEIP Antonio Carpintero	Cambio de cuberta e fiestras	514.669,65 €
Santiago de Compostela	Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA)	Reforma	504.618,45 €
Mondoñedo	CEIP Plurilingüe Álvaro Cunqueiro Mora	Cambio de cuberta do edificio principal	462.912,34 €
Chantada	CEIP Plurilingüe Xoán de Requeixo	Melloras de cuberta e cambio de fiestras	456.322,01 €
Xunqueira de Ambía	CEIP Padre Crespo	Ampliación e reforma interior parcial	362.853,63 €
Santiago de Compostela	CIFP Politécnico de Santiago	Cambio de cuberta dos talleres de madeira	352.982,24 €
Santiago de Compostela	IES A Pontepedriña	Cambio de cuberta	316.902,05 €
Oroso	CEIP Plurilingüe de Sigüeiro	Cambio de cuberta	310.037,63 €
Sanxenxo	CEIP Plurilingüe de Portonovo	Instalación de ascensor	247.901,39€
Meaño	CEIP de Coirón-Dena	Cambio de cuberta, falsos teitos e luminarias	214.383,81 €
Marín	CEIP Plurilingüe de Sequelo-Marín	Instalación de ascensor	175.746,67 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Vilanova de Arousa	CEIP Plurilingüe de San Roque	Reforma interior e cambio de fiestras	169.435,56 €
Vilagarcía de Arousa	IES O Carril	Instalación de ascensor	168.842,81 €
Monterrei	CRA de Monterrei (Escola de Vilaza)	Reforma estrutural	146.901,04 €
Ourense	CEIP de Prácticas da E.U. Form. Profes. EXB	Ampliación e renovación da cuberta do patio	130.310,95 €
Ribadeo	CIFP Porta da Auga	Cambio de cuberta e reforma interior da antiga vivenda do conserxe	125.272,89 €
Mos	CEIP de Atín-Cela	Instalación de ascensor	89.474,61 €
Foz	CEIP Fondo Nois	Instalación de ascensor	86.095,26 €
Ourense	CEIP Virxe de Covadonga	Instalación de ascensor	77.238,64 €
Xinzo de Limia	CEIP Carlos Casares	Instalación de ascensor	70.591,96 €
			15.816.150,82 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE FERROL COLABORARÁN NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE DEZ COLEXIOS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 720.000€

- O Goberno galego achegará 500.000€ a estas obras, que executará o Concello, e que teñen en conta a importancia do deporte como ferramenta para educar en valores
- Renovaranse espazos nos colexios de Pazos, A Laxe, San Xoán de Filgueira, Almirante Juan de Lángara, Cruceiro de Canido, Ángela Ruiz Robles, de Ponzos, de Esteiro, Isaac Peral e Leducia

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e o Concello de Ferrol subscribirán un acordo de colaboración para mellorar as instalacións deportivas de dez colexios da cidade, cun investimento total de 721.166,59€. O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo, para o que o departamento educativo do Goberno galego destinará 500.000€.

O importe restante será asumido polo Concello de Ferrol que, ademais, será o encargado de licitar, contratar e executar as obras, que se desenvolverán ao longo do ano 2025.

O obxectivo é renovar os ximnasiaos e pavillóns destes centros, tendo en conta a importancia da iniciación á práctica deportiva durante a etapa escolar, máis aló dos seus beneficios sobre a saúde. Neste sentido, cómpre salientar o valor do deporte como mecanismo de socialización, cohesión e inclusión social, fomentando valores como o esforzo persoal, traballo en equipo, cooperación, solidariedade, tolerancia ou respecto ao adversario, entre outros.

Ao abeiro desta colaboración renovaranse espazos destinados á práctica deportiva nos colexios CEIP de Pazos-Mestre García Niebla, Plurilingüe A Laxe, Plurilingüe San Xoán de Filgueira, Plurilingüe Almirante Juan de Lángara y Huarte, Cruceiro de Canido, Plurilingüe Ángela Ruiz Robles, Plurilingüe de Ponzos, de Esteiro, Isaac Peral e Leducia.

As obras axustaranse ás necesidades particulares de cada un dos centros e abranguerán traballos como a substitución das fiestras, reparación das fachadas, cambio de luminarias, melloras no pavimento, tarefas de pintado, renovación de canos e baixantes ou arranxo de peches, entre outros.

Estas intervencións forman parte do Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folla de ruta coa que a Xunta está a modernizar os centros educativos galegos. A segunda fase do plan conta cun investimento inicial de máis de 267M€ para os vindeiros catro anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A ORDE DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO DAS CASAS NIÑO, QUE OFRECEN UN SERVIZO DE CONCILIACIÓN A MÁIS DE 500 FAMILIAS NO RURAL

- A nova orde conta un orzamento de 10,5M€ e supón un incremento de case un 5 % das axudas destinadas ao funcionamento destes centros
- A principal novidade é a concesión dunha axuda adicional de 1.500 euros para a renovación dos equipamentos

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde de axudas destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural, que inclúe un incremento de case un 5 % da subvención que viñan percibindo as titulares destes pequenos centros de atención á primeira infancia que son totalmente gratuítos para as familias. O orzamento total da convocatoria ascende a 10,5 millóns de euros e poderán acollerse a ela aquelas casas que leven funcionando máis de tres anos.

O aumento da subvención supón elevar ata os 29.000 euros a contía anual que reciben as titulares destes equipamentos. O obxectivo é que poidan facer fronte ao incremento de gastos derivados da subida da luz ou das pólizas de seguro. Unha das novidades desta orde plurianual, que abrangue ata 2028, é que recolle unha achega adicional de 1.500 euros para facilitar a renovación dos equipamentos máis antigos.

Galicia ten na actualidade máis de 100 casas niño en servizo distribuídas por todo o territorio galego, entre as que suman máis de 500 prazas gratuítas para nenos de 0 a 3 anos. O obxectivo é dar continuidade a este recurso e seguir atendendo ás necesidades de conciliación da vida persoal e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas.

Cada casa niño atende un máximo de cinco nenos/as, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se exige unha formación ou experiencia profesional específica e impóñense requisitos e normas de seguridade nos inmobles. Estes servizos ofrecen unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna e de luns a venres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO CONSOLIDA O APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DUNHA NOVA CONVOCATORIA DA TARXETA BENVIDA, Á CAL DESTINA 31,9 MILLÓNS DE EUROS

- Esta orde de axudas para o ano 2025 inclúe, ao igual que neste ano, a concesión da tarxeta a mulleres embarazadas a partir da 21 semana de xestación, coa finalidade de que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento do fillo
- Neste ano, 3.270 mulleres embarazadas recibiron a tarxeta antes de nacer o seu fillo

O Consello aprobou hoxe unha nova convocatoria da tarxeta Benvida para o vindeiro ano á cal destina 31,9 millóns de euros. Deste xeito, o Executivo autonómico consolida o apoio económico aos pais e nais que deciden ter un fillo e, a día de hoxe, son preto de 110.000 as familias que xa se teñen beneficiado en Galicia deste programa implantado en 2016 e no cal a Xunta leva feito un investimento acumulado de máis de 220 millóns de euros.

Esta convocatoria recolle, ao igual que neste 2024, a concesión da tarxeta Benvida a mulleres embarazadas a partir da semana 21 da xestación, para que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento, xa que é un momento no que os pais xa adquiren produtos que necesitarán cando chegue o bebé, por exemplo un berce ou un dispositivo para poder levalo no coche. Concretamente, neste ano 3.270 mulleres embarazadas recibiron a tarxeta antes de nacer o neno.

Ademais, tamén se lle concede a tarxeta ás familias que acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade. O obxectivo desta medida é fomentar o acollemento familiar.

En 2025, a Xunta poñerá en marcha novas medidas para facilitar que as familias non teñan que realizar o trámite ordinario de solicitude da tarxeta Benvida, polo que evitarán o papelame e axilizaranse todos os procedementos. Deste xeito, para solicitala só será necesario presentar un único formulario.

Con carácter xeral, a contía da axuda que reciben as familias a través deste programa é de 1.200 euros durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. Esta cantidade dúplícase o primeiro ano para o terceiro fillo e sucesivos, e increméntase un 25 % para as familias que viven en concellos de menos de 5.000 habitantes. Así mesmo, a axuda pode estenderse ata os catro anos de vida do neno naqueles fogares especialmente vulnerables. A tarxeta Benvida forma parte das medidas que o Goberno galego está a impulsar nos últimos anos para apoiar as familias, tales como a gratuidade das escolas infantís, as casas niño ou o Bono Concilia Familia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA AOS CONCELLOS MÁIS DE 12,2 M€ PARA CONCILIACIÓN, FINANCIAMENTO DOS CIM E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO, UN 10 % MÁIS QUE EN 2024

- Invístense 6,5 M€, máis orzamento que nunca, para o desenvolvemento de servizos de coidados e o fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes
- Outros 5 M€ para apoiar no custo do persoal dos 84 centros de información á muller que hai en funcionamento en Galicia, o que supón un incremento do 12 %
- E 650.000 euros para promover a igualdade e previr a violencia de xénero, unha subida do 30 % con respecto á convocatoria anterior

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar máis de 12,2 millóns de euros a apoiar aos concellos para que leven a cabo iniciativas que favorezan a igualdade entre mulleres e homes, a conciliación e a corresponsabilidade, así como para financiar os postos de traballo dos centros de información ás mulleres (CIM). Este é o maior orzamento destinado pola Administración autonómica a estas achegas, cun incremento de máis dun 10 % con respecto á anterior convocatoria.

Este importe total repártese en tres liñas de axuda. A primeira, de 6,5 millóns de euros, está dirixida ao fomento da conciliación e da corresponsabilidade ao abeiro do Plan Corresponsables no seu ámbito local. Trátase dun programa que contará con máis orzamento que nunca, tendo en conta que cada vez son máis as solicitudes dos concellos.

A través dela, financiaranse servizos e actividades de conciliación das entidades locais que estean dirixidos a familias con nenas e nenos ata os 16 anos de idade. Tamén se apoiarán accións de formación e sensibilización en materia de corresponsabilidade e coidados. As accións teñen que realizarse entre os meses de outubro deste ano e setembro de 2025.

Máis orzamento para o persoal dos CIM

A segunda liña de axudas é de 5 millóns de euros conta cun incremento do 12 %, o que supón 600.000 euros máis que en 2024, e está destinada a apoiar o pagamento dos 217 postos de traballo dos 84 CIM que hai en funcionamento en Galicia.

Trátase de cubrir parte dos custos salariais de postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, persoal técnico ou axentes de igualdade ou fomento de traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

Neste caso, as axudas máximas que poderá recibir un concello increméntanse, pasando de 45.000 euros aos 52.000 euros, e no caso de concellos con xestión compartida do CIM será de máximo 120.000 euros. Cabe recordar que esta é unha mellora que se pon xa en marcha este 2025 e que irá acompañada da elaboración do Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos CIM de Galicia que xa está en marcha.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O período de referencia para o desenvolvemento deste programa plurianual é o comprendido desde abril de 2025 ata marzo de 2026.

Máis fondos para promover a igualdade e previr a violencia de xénero

A terceira vía de apoios, de 650.000 euros, refórzase cun 30 % máis de orzamento. Trátase dunha liña para programas de promoción da igualdade e a prevención e tratamento da violencia de xénero e que en gran parte se desenvolven a través dos CIM.

As contías máximas das achegas son de 28.000 euros para accións que fagan conxuntamente varios concellos e de 15.000 euros para as que realice un único concello. Sufragaranse as iniciativas que as entidades locais executen de outubro de 2024 a setembro de 2025.

Ademais, a Xunta adiantará aos concellos un 80 % das axudas co fin de que teñan a liquidez necesaria para a realización das iniciativas e programas. Unha vez que as convocatorias de axuda saian publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), os concellos contarán cun mes de prazo para solicitalas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,2 M€ PARA APOIAR AS ENTIDADES SOCIAIS EN PROGRAMAS DE ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E DE CONCILIACIÓN

- Invístense 1,9 millóns de euros para sufragar actuacións dirixidas, por exemplo, a mulleres vítimas da violencia de xénero, de explotación sexual, laboral ou trata, inmigrantes, refuxiadas ou reclusas
- E destínanse 300.000 euros para actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con menores a cargo de ata 16 anos

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á convocatoria dunha orde axudas dirixida ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro por un montante de 2,2 millóns de euros. A través desta liña de axudas, financiaranse programas que leven a cabo as entidades co obxecto de promover tanto a atención de mulleres en situación de especial vulnerabilidade como a accións de conciliación das familias en clave de corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Así, lanzarase unha única convocatoria de apoios para o desenvolvemento de dous programas. A primeira das liñas é a destinada a programas de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, ao que se destinarán 1,9 millóns de euros, un 20% máis ao da anterior convocatoria. Está dirixida, por exemplo, a mulleres vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual, laboral ou de trata, inmigrantes, refuxiadas ou reclusas.

As mulleres beneficiarias recibirán unha atención integral personalizada, tanto psicolóxica como en materia de asesoramento xurídico ou para a adquisición de competencias para a mellora das condicións para atopar un emprego. A Xunta sufragará os programas que se desenvolvan entre setembro deste ano e agosto de 2025.

No actual exercicio, apoiáronse 70 actuacións de entidades de iniciativa social coas que se atendéronse a máis de 3.700 mulleres.

Conciliación corresponsable

Ademais, a outra liña de apoios é para o fomento da conciliación, ao abeiro do desenvolvemento do Plan Corresponsables no ámbito das entidades sociais. Neste caso destinaranse 300.000 euros para actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias galegas con menores a cargo ata os 16 anos.

Con estes fondos as entidades poderán poñer en marcha servizos de coidados e plans de sensibilización en corresponsabilidade. Apoiaranse os gastos xerados entre o pasado mes de outubro e setembro do vindeiro ano. Este ano 2024, 16 entidades puxeron en marcha iniciativas no marco deste programa.

Nas dúas liñas as axudas máximas por entidade son de 40.000 euros. A convocatoria de axudas publicarase proximamente no Diario Oficial de Galicia (DOG) para que as entidades sociais que o desexen se poidan acoller a elas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,2M€ A REFORZAR A INTEGRACIÓN SOCIAL E O APOIO EDUCATIVO DOS RAPACES QUE FORMAN PARTE DO SISTEMA DE PROTECCIÓN

- O Consello autoriza a sinatura un convenio de 900.000 euros coa Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POIG) e outro de 300.000 euros coa Asociación Galega de Centros de Menores (Agaceme)

O Consello aprobou hoxe un investimento total de 1,2M€ para a sinatura de dous convenios que teñen como obxectivo común impulsar un programa de reforzo da integración social e do apoio educativo dos nenos e adolescentes que están integrados no sistema de protección. Este investimento enmárcase na aposta do Goberno galego pola atención das persoas de ata 18 anos que se atopan en situación de vulnerabilidade.

O primeiro dos convenios autorizados supón unha achega de 900.000 euros á Plataforma de organizacións de infancia de Galicia (POIG) coa que se financiará o programa de promoción da convivencia segura e do fomento da participación infantil no ámbito do acollemento residencial. Esta iniciativa ten como obxectivo promover a convivencia segura e o fomento da participación infantil, garantindo o dereito dos e das menores e o seu benestar emocional, social e educativo. Ademais, busca empoderar os menores a través da súa participación activa nas decisións que afectan a súa vida diaria e o funcionamento dos centros.

O segundo dos convenios implica unha achega da Xunta de Galicia de preto de 300.000 euros á Asociación Galega de Centros de Menores (Agaceme) para o desenvolvemento do programa de reforzo e apoio educativo dos nenos, nenas e adolescentes nos centros que prestan atención residencial a persoas menores con medidas de protección.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5,4 MILLÓNS DE EUROS Á CONTINUIDADE DAS AXUDAS MENSUAIS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O Consello da Xunta aprobou hoxe dar continuidade para os vindeiros anos 2025 e 2026 ás axudas mensuais para mulleres vítimas de violencia de xénero. Estas achegas están destinadas a apoiar ás vítimas e dotalas das ferramentas necesarias para facilitar a súa autonomía e independencia económica do seu agresor.

O Executivo galego destina a esta liña de axudas un investimento inicial de 5,4 millóns de euros que pode ser ampliable en base ao número de solicitudes. Esta prestación periódica supón unha achega de entre 200 e 800 euros para cada unha das beneficiarias, dependendo da súa situación persoal, do número de fillos ao cargo e da súa renda económica.

Esta prestación está destinada ás mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata ou explotación sexual, así como a aquelas que sufriran violencia vicaria. A nova convocatoria destas achegas entrará en vigor durante o mes de xaneiro do 2025 e o prazo para solicitala estará aberto durante todo o ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITARÁ A XESTIÓN POR PARTE DUNHA ENTIDADE SOCIAL DOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE E SOUTO DE LEIXA

En ambos os casos, o orzamento do contrato pode ascender ata os 13,9M€, o que permitirá que os centros sexan xestionados a partir do vindeiro ano por organizacións sen ánimo de lucro

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á licitación da xestión por parte de organizacións sen ánimo de lucro dos centros de atención ás persoas con discapacidade de Ourense e Souto de Leixa, en Ferrol. En ambos os casos, o prazo de execución dos contratos será de dous anos contados desde a data da sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por un ano máis e o orzamento de licitación para eses 3 anos pode ascender ata os 13,9M€.

O obxectivo, no caso de Ourense, é poñer en marcha o CAPD, que estará operativo nos primeiros meses de 2025. A Xunta investiu un total de 10M€ neste centro, que pasará a formar parte da rede pública autonómica e contará con 110 prazas públicas de atención diúrna e residencial.

A través deste este contrato, darase ás necesidades de persoas con discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista, parálise cerebral e dano cerebral adquirido. O centro, que será xestionado por unha entidade social, contará con servizo de atención diúrna terapéutica; transporte adaptado e asistido; atención residencial terapéutica e atención residencial terapéutico-ocupacional.

En canto ao CAPD Souto de Leixa, o obxectivo é dar continuidade á atención das persoas usuarias dos servizos asistenciais xa xestionados no centro e proporcionar unha atención integral. Grazas a este contrato, o centro será xestionado a partir do vindeiro ano por unha entidade social, o que, ademais de garantir a continuidade do servizo, continuará garantindo unha atención de calidade aos usuarios.

Con estas contratacións, a Xunta consolida e reforza a atención ás persoas dependentes con discapacidade intelectual e outras discapacidades asociadas, cuxa situación demanda unha intervención desde o ámbito institucional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA UN PLAN PARA REDUCIR AGARDAS NO EIDO DA DEPENDENCIA E A DISCAPACIDADE E RESOLVER AS SOLICITUDES EN SEIS MESES

- Resalta que as persoas solicitantes só terán que presentar un documento, xa que a propia solicitude contará coa información social e familiar suficiente para resolver, co se busca “reducir ao máximo a burocracia”
- A conselleira de Política Social e Igualdade indica que se unifican os procedementos de dependencia e discapacidade, que poderán solicitarse ao mesmo tempo e que se valorarán e resolverán de xeito conxunto
- Ademais, ás persoas con dependencia xa recoñecida que soliciten a discapacidade, esta resolveráselles de xeito automático por homologación
- Os plans de reforzo de persoal para as valoracións, cuxa vixencia remataba agora, amplíanse ata o ano 2027 e porase en marcha un plan de produtividade con incentivos económicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou o “Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade”, dotado de 90 millóns de euros, e que busca entre outras cuestións reducir as esperas á hora de recibir unha prestación e garantir que ningunha persoa agarde máis de seis meses desde que presenta a solicitude e ata que se lle concede o servizo ou axuda necesaria.

Nesta liña e coa finalidade de axilizar ao máximo os trámites, Rueda explicou que se “vai reducir a burocracia e a partir de agora só haberá que presentar unha única solicitude” na que xa haberá a información familiar e social do solicitantes para poder resolvela coa máxima celeridade. Ademais, porase en marcha un asistente virtual que os guiará paso a paso na presentación de solicitudes electrónicas. A isto unirase o asesoramento no procedemento dos traballadores sociais dos concellos.

Tal e como explicou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, o plan contará con sete eixos principais: reducir ao máximo a burocracia, fixar un procedemento conxunto que aforre tempos e trámites, a mellora da xestión das citas, a optimización da xestión administrativa, o reforzo do papel dos servizos sociais, o establecemento dun protocolo de colaboración entre Política Social e o Sergas e a posta en marcha dun plan de formación.

Unificación e homologación

Outra das novidades “será a unificación dos procedementos de dependencia e discapacidade”, indicou a conselleira. Así, poderase solicitar ao mesmo tempo e cunha única cita a dependencia e a discapacidade, que tamén se valorarán e resolverán de xeito conxunto, emitíndose ao mesmo tempo o recoñecemento do grao de dependencia, a aprobación do PIA e a porcentaxe de discapacidade.

Ademais, aplicarase unha homologación de dependencia á discapacidade. As persoas con dependencia recoñecida e que xa teñan neste momento solicitada a discapacidade recibirán no mes de xaneiro a resolución do seu certificado. Deste xeito, as de grao 1 terán recoñecido un 33% de discapacidade, as de grao 2, un 66% e as de grao 3, un 100%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non obstante, esta homologación será aplicable tamén ás persoas dependentes unha vez soliciten o seu certificado de discapacidade.

Este plan, tal e como explicou a conselleira, tamén inclúe a mellora do sistema de citación, "a través da posta en marcha dunha plataforma automatizada a través dunha mensaxe no móbil". O sistema de atención telefónica tamén se optimizará para consensuar coas familias as datas de valoración.

Os plans de reforzo de persoal para as valoracións, cuxa vixencia remataba agora, ampliáanse ata o ano 2027. Isto supón continuar co reforzo de 107 profesionais. Ademais, en 2025 crearase unha xefatura de servizo de discapacidade nas catro provincias, o que redundará nunha mellor coordinación e planificación de todo o persoal. A isto sumarase a posta en marcha dun plan de produtividade con incentivos económicos.

Con este plan de axilización e simplificación, blindase o traballo dos servizos sociais de base, de xeito que se poidan centrar na atención directa das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrático. Este persoal ofrecerá un completo asesoramento sobre a presentación da solicitude e sobre os servizos e prestacións aos que teñen dereito, realizando o correspondente seguimento. Como novidade, poderán presentar vía electrónica a solicitude en nome da persoa solicitante.

Colaboración co Sergas

Outro dos avances que se introducirá no sistema é o establecemento dun protocolo de colaboración co Sergas, que permitirá a emisión do informe de saúde de xeito rápido e por vía electrónica.

O sétimo pilar deste plan é o desenvolvemento dun programa de formación para os traballadores dos servizos de dependencia e discapacidade. Tamén para os dos centros de saúde e os dos concellos. Información sobre aspectos fundamentais como: os cambios introducidos na normativa, as actualizacións das aplicacións, as ferramentas dispoñibles para a información e asesoramento ou a presentación telemática das solicitudes.

Por último, porase en marcha unha comisión de seguimento do plan, que se reunirá cunha periodicidade mínima trimestral para avaliar a súa execución.

O obxectivo, tal e como resaltou Rueda, é "seguir mellorando na valoración e atención as persoas con dependencia e discapacidade". "Este Plan é unha posta decidida e ambiciosa para seguir reducindo os tempos de espera e achegar os servizos da dependencia a máis persoas", engadiu a conselleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREPARA O PROGRAMA GALEGO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL 2025-2027 PARA INCOPORAR ESTA TECNOLOXÍA NA ADMINISTRACIÓN E PROMOVER O SEU USO ENTRE A CIDADANÍA E AS EMPRESAS

- O documento identificará e priorizará os recursos da Administración autonómica e promoverá sinerxías entre os departamentos para facilitar a adopción da intelixencia artificial
- Con esta folla de ruta, a Xunta busca reforzar a aposta de Galicia pola intelixencia artificial

A Xunta de Galicia inicia a elaboración do Programa galego de intelixencia artificial 2025-2027 que facilitará o despregamento da futura lei para o desenvolvemento e impulso da Intelixencia artificial en Galicia. Este programa dará prioridade aos recursos con que conta a Administración neste ámbito, optimizando esforzos e promovendo sinerxías entre departamentos. O documento recollerá as medidas e actuacións previstas, tanto para incorporar a IA ás consellerías como para promover o seu uso por parte da cidadanía e do tecido empresarial.

Fitos e prazos

O proceso de elaboración comezará na primeira quincena de xaneiro, cunha reunión de lanzamento coas consellerías, en que se formalizarán os grupos de traballo. A redacción do programa desenvolverase entre xaneiro e febreiro, incluíndo sesións de traballo co ecosistema da IA en Galicia, como paso previo á aprobación definitiva en Consello.

Na elaboración do Programa terán un peso destacable as achegas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como principal entidade promotora da dixitalización de Galicia e do despregamento da IA no conxunto da rexión; do Instituto Galego de Promoción Económica, de cara á adopción da IA polas empresas; e da Axencia Galega de Innovación como entidade promotora da innovación na rexión, en colaboración coas consellerías a través de grupos de traballo.

A elaboración desta folla de ruta busca reforzar a aposta de Galicia pola intelixencia artificial nun ano en que conflúen diferentes fitos favorables para iso. Por un lado, publicarase o balance 2021-2024 da Estratexia galega de intelixencia artificial 2030. Por outro lado, en 2025 entrará en vigor a Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia. Ademais, Galicia optará a converter o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) nunha das Factorías de Intelixencia Artificial que convoca a Comisión Europea. E tamén hai que lembrar que a Comunidade conseguiu que a Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (Aesia) tivese a súa sede na Coruña. Desde o punto de vista do financiamento, tamén xorden oportunidades derivadas da reprogramación do Programa Feder Galicia 2021-2027 a través da reorientación dalgúns programas ás necesidades da cidadanía e empresas en materia de intelixencia artificial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DE 146 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN GARABOLOS, NO CONCELLO DE LUGO, POR UN INVESTIMENTO DE 28,2 M€

- Autorízase a contratación da execución de dous novos edificios, de 70 e 76 vivendas, respectivamente, que se desenvolverán na avenida Paulo Fabio Máximo
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas a construción destas novas vivendas
- A Xunta mantén o pulo na execución de VPP nas grandes cidades e a súa áreas de influencia, tendo xa en marcha máis de 1.600 vivendas e a 1ª fase da Estratexia de solo residencial para desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres
- O Goberno galego segue apostando pola vivenda de promoción pública en Lugo, avanzando nesta 1ª fase da Estratexia de solo residencial para a urbanización de solo para aproximadamente 1.200 novas vivendas no barrio do Sagrado Corazón

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación das obras de construción de 146 vivendas de promoción pública (VPP) en Garabolos, no concello de Lugo, que suporán un investimento conxunto de 28,2M€.

Tratase de impulsar a construción de dúas edificacións de nova planta na avenida Paulo Fabio Máximo, en Garabolos, unha para dedicala a 70 VPP, na Parcela B3; e outra de 76 vivendas na parcela C1.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a contratación destas actuacións, licitaranse nas vindeiras semanas.

En concreto, o importe de licitación das obras para a construción das 70 novas vivendas, con 70 prazas de garaxe E 70 rochos e 3 locais, a desenvolver na parcela B3, supera os 13,3M€

A parcela en que se emprazará esta nova edificación proxectada ten unha superficie de 1.312 m². Linda ao noroeste coa rúa E, ao sueste coas zonas verdes libres, ao suroeste coa rúa B e ao nordeste cunha parcela sen edificar. O terreo ten pendente en ambas as direccións, o que implica a división do edificio en dous volumes unidos pero con accesos a distinto nivel.

Do total das 70 vivendas, 11 disporán de 2 dormitorios, 49 contarán con 3, e 8 terán 4 dormitorios. Destas, 3 serán vivendas adaptadas que disporán de 3 prazas de garaxe accesibles para persoas con mobilidade reducida.

O novo edificio proxectado para acoller 70 vivendas consta de dúas plantas de soto para garaxes, rochos e locais de instalacións; planta baixa dedicada a 2 portais de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acceso, locais de instalacións, un local de reserva para o almacén de contedores do lixo, rochos, un local comunitario e a 6 vivendas.

As plantas 1 a 8 destinaranse para uso de vivenda, con 8 vivendas por planta; e planta ático para rochos e locais instalacións. Hai 2 portais de acceso e cada un deles da servizo a 35 vivendas.

En canto á outra licitación autorizada hoxe no Consello da Xunta para a construción de 76 vivendas proxectadas na parcela C1 de Garabolos, tamén na avenida Paulo Fabio Máximo, o importe acadará un investimento que rolda os 14,9M€.

Neste caso, o obxecto da intervención é a construción dun edificio para 76 vivendas de promoción pública, 76 garaxes, 76 rochos e 1 local comercial, na parcela C1 de Garabolos, que ten unha superficie total de 1.392 m² e forma rectangular con directriz lixeiramente curva. As fachadas lonxitudinais están orientadas ao leste e oeste e os testeiros ao norte e ao sur, o norte é medianeira e o sur é fachada.

O novo edificio proxectado estruturase en dúas plantas de soto, planta baixa, 8 plantas altas e un ático. O acceso ás vivendas é a través dos 4 portais situados na fachada oeste, que dá á rúa C, perpendicular á avenida Paulo Fabio Máximo.

Nas plantas soto están os garaxes, parte dos rochos e as instalacións; na planta baixa sitúanse o portal de acceso, o resto dos rochos, os cuartos de instalacións, a reserva de espazo para os residuos, un local comunitario, os cuartos de limpeza e un local comercial.

Nas plantas superiores están as vivendas, 9 por planta e 4 vivendas no ático. Resultan así en total 76 vivendas, 76 prazas de garaxes e 76 rochos. Destas vivendas 12 será de 2 dormitorios (2 adaptadas para persoas con mobilidade reducida), 55 de 3 dormitorios e 9 vivendas de 4 dormitorios. Tres destas vivendas serán adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

A Xunta de Galicia financia as obras maioritariamente con fondos propios, correspondendo o resto aos fondos da Unión Europea (Plan de recuperación, transformación e resiliencia). A Administración autonómica tamén financia con fondos propios a redacción destes proxectos así e o resto de traballos técnicos; así como o custo das parcelas en que se edifican, que foi urbanizada pola Xunta.

Estes proxectos cumpren o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

Ademais dos proxectos cofinanciados con fondos MRR, o Goberno galego segue a impulsar vivendas financiadas exclusivamente con fondos da comunidade autónoma, así como na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e na compra de vivendas da Sareb.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta mantén o ritmo de traballo no desenvolvemento da construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, tendo xa en marcha na comunidade máis de 1.600 vivendas de promoción pública, en distintas fases de tramitación e execución, co obxectivo de acadar as 8.000 nesta lexislatura. Isto, ao tempo que xa ten despregada a primeira fase de execución da Estratexia galega de solo residencial, que prevé desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres.

Deste xeito, o Goberno galego segue impulsando a vivenda de promoción pública en Lugo, que no marco desta primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, en parcelas permitirá a urbanización de solo en parcelas cedidas polo Concello para aproximadamente 1.200 novas vivendas no barrio do Sagrado Corazón.

Infografías da edificación e vivenda na parcela C1:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REHABILITACIÓN DE 6 EDIFICIOS CON 17 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VIVEIRO, OURENSE, RIBADAVIA E TUI, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 5,9M€

- O Executivo autonómico adquiriu estes inmobles no marco do programa Rexurbe co fin de rehabilitalos para pasar a formar parte do parque público de vivendas
- Estes fogares serán adxudicados en réxime de alugamento social, recorrendo ás persoas inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia
- En Viveiro, nas rúas Rosalía de Castro e Fernández Victorio, acondicionaranse 2 edificios para 3 vivendas de promoción pública e 3 rochos
- En Ourense, as obras levaranse a cabo nun edificio de 5 vivendas na praza Manuel Sueiro e noutro inmovle na rúa Pelaio
- En Ribadavia rehabilitarase un edificio de 5 vivendas na praza García Boente; e en Tui, as actuacións acometeranse nun inmovle de 3 vivendas na rúa Bispo Castañón
- O Goberno galego, a través desta iniciativa, incrementa o parque de vivenda de promoción pública e recupera núcleos históricos, fixando poboación nestas zonas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación das obras de rehabilitación de 6 edificios cun total de 17 vivendas de promoción pública en Viveiro, Ourense, Ribadavia e Tui, cun investimento de máis de 5,9M€.

Estes 6 inmobles foron adquiridos polo Goberno galego no marco do programa Rexurbe co fin de rehabilitalos e pasar a formar parte do parque público de vivendas.

As vivendas froito das rehabilitacións serán adxudicadas en réxime de alugamento social, recorrendo ás persoas inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia.

En Viveiro, nas rúas Rosalía de Castro e Fernández Victorio, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas acondicionará 2 edificios para 3 vivendas de promoción pública e 3 rochos.

En Ourense, as obras levaranse a cabo nun edificio de 5 vivendas de promoción pública, 5 rochos e 1 local situado na praza Manuel Sueiro, e noutro inmovle na rúa Pelaio.

En Ribadavia rehabilitarase un edificio para 5 VPP, 5 rochos e 1 local na praza García Boente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Tui, as actuacións acometeranse nun edificio para 3 VPP, 3 rochos e 1 local na rúa Bispo Castañón.

Todos os proxectos cumpren o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

O Goberno galego, a través destas iniciativas, ademais de incrementar o parque de vivenda de promoción pública na comunidade autónoma, segue a traballar mediante a rehabilitación e a promoción en núcleos históricos, na rexeneración destas entornas e a fixación de poboación nelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MATERIALIZA A RECUPERACIÓN DA CONCESIÓN DAS AUTOVÍAS DO SALNÉS, BARBANZA, OURENSE- CELANOVA E SANTIAGO-BRIÓN

- O Consello da Xunta autoriza a resolución dos contratos de concesión destas autovías, operación que permitirá suprimir a peaxe en sombra que pagan cada ano todos os galegos e galegas e aforrar ás arcas públicas 342,1 M€ ata o final das concesións
- A Xunta de Galicia conta nestes momentos con máis de 527 quilómetros de vías de altas prestacións de titularidade autonómica e no vindeiro 2025 seguirase avanzando en eixes como Tui-A Guarda, Nabela- Sarria ou Santiago-A Estrada
- Esta operación permite, ademais, reducir a débeda da Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á resolución dos contratos de concesión das autovías do Salnés, de Barbanza, a autoestrada Ourense-Celanova e a de Santiago-Brión, operación coa que o Goberno galego materializa a eliminación das peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente nestas infraestruturas.

Esta operación que se valora nun importe de 299 millóns de euros suporá que a Xunta deixará de pagar, polo canon comprometido ata o final das concesións, un importe de 641,1 millóns de euros, o que supón un aforro para a Xunta de 342,1 millóns de euros nos orzamentos dos vindeiros anos.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia foi amortizando a débeda de actuacións executadas no seu día con cargo á créditos bancarios a través da Sociedade Pública de Investimentos, e así fóronse liberando recursos para garantir a conservación das estradas de titularidade autonómica, e permitiron a execución de obra pola vía orzamentaria, nun proceso que culmina co rescate das autovías de peaxe en sombra. A solvencia financeira da administración autonómica así o permitiu.

O importe do rescate das concesións acada os 299M€, dos cales 95M€ corresponden á autovía Santiago-Brión; 85 M€ á de Celanova; 74 M€ á de Barbanza e 45M€ á autovía do Salnés. O rescate, como xa se ten anunciado, permitirá destinar o aforro a outros investimentos como a vivenda ou novas vías de alta capacidade a executar pola vía orzamentaria.

Esta operación permitirá que as catro autoestradas pasen a ser autovías de propiedade pública, xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, cunha Administración responsable e comprometida coa calidade do servizo. A conservación realizarase a través dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal da rede autonómica de estradas, que xa a día de hoxe inclúen

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autovías como a AG-64 Ferrol – Vilalba, a autovía do Morrazo ou a autovía Santiago –A Ramallosa, entre outras.

O rescate prodúcese con efectos do 31 de decembro, e o 1 de xaneiro a infraestrutura pasa a ser asumida pola Xunta de Galicia.

Non obstante, establécese un período transitorio en que as sociedades concesionarias seguirán realizando os labores de conservación, ata que estas sexan asumidas polos medios da conservación ordinaria das estradas autonómicas. A previsión da Xunta é licitar os novos contratos de conservación ordinaria no primeiro trimestre do ano, e formalizar os contratos arredor de outubro ou novembro de 2025. Deste modo, garántese unha axeitada conservación e xestión das infraestruturas en todo momento, e permite ordenar o proceso de subrogación do persoal.

Vías de altas prestacións

A Xunta de Galicia conta hoxe con máis de 527 quilómetros de vías de altas prestacións de titularidade autonómica, destacando que en 2025 seguirán avanzando eixes como o de Tui-A Guarda, Nabela-Sarria e Santiago-A Estrada.

A Xunta agradece ás concesionarias destas vías a súa colaboración e compromiso, subliñando o seu esforzo investidor en momentos de dificultade económica e a súa disposición para chegar a un acordo favorable para o rescate das infraestruturas.

A operación enmárcase dentro dunha estratexia coherente coas políticas de infraestruturas desenvolvidas pola Xunta nos últimos anos, que inclúe a construción de 215 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, garantindo que o 85 % dos galegos teñan acceso a unha destas vías a menos de 15 minutos dos seus fogares, así como o mantemento dunhas baixas tarifas nas peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo e do Val Miñor.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA NA PRESTACIÓN DE ASESORAMENTO E INTERMEDIACIÓN E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA

- O acordo de cooperación dálle continuidade a o servizo de intermediación entre as persoas en situación de vulnerabilidade económica que están en risco de perder a súa vivenda habitual e grandes tedores
- O obxectivo deste novo convenio é manter o asesoramento xurídico en materia de vivenda nos casos non incluídos na asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio
- Os cidadáns poden acceder a un servizo gratuíta e personalizado que lles permite coñecer os programas existentes para evitar a perda da súa vivenda, así como para facer fronte a eventuais situacións de ocupación ilegal
- A coordinación e organización deste asesoramento realizarase por medio dos colexios da avogacía de Galicia
- O convenio autorizado suporá un investimento autonómico de 61.050 euros e terá vixencia ata finais do vindeiro ano 2025

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun novo convenio co Consello da Avogacía Galega (CAG) polo que se renovará para este novo ano 2025 a colaboración para a prestación dos servizos de asesoramento, intermediación e orientación xurídica en materia de vivenda.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), dará así continuidade á relación que a Xunta mantén desde o ano 2020 co Consello da Avogacía Galega, e que se viu ampliado en abril deste ano coa inclusión dun servizo de intermediación entre as persoas en situación de vulnerabilidade económica que están en risco de perder a súa vivenda habitual e grandes tedores.

Así, mantense a posta á disposición dos cidadáns dunha serie de servizos personalizados que permitan á cidadanía coñecer os programas existentes para evitar perder a súa vivenda, ou facer fronte a eventuais situacións de ocupación ilegal dos seus inmobles.

O convenio implicará o desenvolvemento das seguintes actuacións:

1. Prestar atención xurídica de consultas as seguinte persoas:

- Persoas físicas propietaria ou usufrutuarías afectadas por intrusión non consentida nas vivendas.
- Persoas en situación de desamparo en risco de perder a vivenda habitual.

No obstante, en ningún caso se consideran incluídas dentro do obxecto deste convenio as actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta en quenda de oficio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2. Servizo de intermediación en materia de desafuizamento, de acordo coa Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda, entre grandes posuidores e persoas en risco de perder a súa vivenda.

Neste caso, a lei introduce a obriga da acreditación da tramitación dun procedemento de conciliación ou intermediación, como requisito previo para a admisión das demandas na que se pretenda a recuperación da posesión dun predio, nos supostos en que a parte demandante sexa gran tedor de vivendas, o inmovible obxecto de demanda constitúa a vivenda habitual da persoa ocupante e esta se atope en situación de vulnerabilidade económica.

3. Coordinación e infraestrutura, consistente na realización de formacións, mantemento dun sistema ofimático interno de consultas e dúbidas, formularios en liña, contratación dunha liña 900 e difusión do obxecto do convenio.

O Goberno galego financiará o servizo de intermediación, facéndose cargo do importe que lle correspondería pagar á persoa ocupante da vivenda en situación de vulnerabilidade económica. O procedemento desenvolverase nunha sesión inicial informativa e unha ou máis sesións subsecuentes ata a consecución do acordo ou ata que a posibilidade do acordo quedase descartada.

O convenio autorizado polo Executivo autonómico suporá un investimento da Xunta de 61.050 euros e terá vixencia desde o día seguinte da súa sinatura e ata finais de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA MÁIS DE 3,7 M€ A REALIZAR MÁIS DE 10.000 PROBAS E TRATAMENTOS ONCOLÓXICOS POR RIBA DO PREVISTO

- O Consello da Xunta autoriza a addenda ao contrato-programa que o Sergas mantén coa empresa pública de servizos sanitarios Galaria e a súa prórroga para 2025
- Fabricáronse 1.500 doses de radiofármacos extra e fixéronse 4.100 informes adicionais das unidades móbiles de resonancias magnéticas
- A sanidade pública dispón así de servizos de alta tecnoloxía sanitaria, incluídos os de diagnóstico por imaxe, medicina nuclear e oncoloxía radioterápica
- A través deste contrato tamén se xestiona o centro de produción de radiofármacos PET de Galicia, o único de España centralizado para atender os hospitais públicos

O Executivo galego autorizou hoxe a addenda ao contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde e a empresa pública de servizos sanitarios Galaria para o período 2024, necesaria pola realización de actividade asistencial de carácter extraordinario e polo desenvolvemento do proxecto de economía circular do Sergas. Tamén se autorizou a prórroga correspondente ao ano 2025.

Deste xeito, destínanse 3,7 M€ euros para a realización de máis de 10.000 probas e tratamentos oncolóxicos máis sobre os previstos para 2024. Este importe cobre, tamén, as 1.500 doses de radiofármacos extra deste ano e os 4.100 informes adicionais realizados pola actividade das unidades móbiles de resonancias magnéticas que acoden aos hospitais comarcais e o desenvolvemento da Estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde.

En concreto, o contrato-programa recollía a realización de 25.000 probas nas unidades de resonancia magnética móbil, que se incrementaron ata acadar as 33.000 en 2024, é dicir, 8.000 máis. O servizo de oncoloxía radioterápica que Galaria xestiona na área sanitaria de Vigo tiña previstos para este ano 2.510 procedementos e realizáronse 380 máis.

No tocante aos procedementos de medicina nuclear e PET recollidos no contrato-programa para pacientes das áreas sanitarias de Vigo; de Pontevedra e O Salnés, e de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, a cifra prevista era de 12.600, ben que finalmente se realizaron 14.800 procedementos en 2024, 2.200 máis. Isto débese ao incremento de 1.600 procedementos logrado nos servizos xa existentes e aos 600 máis realizados grazas á apertura da nova unidade PET de Ourense neste ano 2024.

Radiofármacos para a medicina de precisión

No que atinxe á actividade do ciclotrón encargado da fabricación de radiofármacos PET desde a unidade situada no Hospital Clínico de Santiago de Compostela, as doses previstas para distribuír entre as sete áreas sanitarias este ano eran 11.900 e a addenda recolle 1.500 radiofármacos a maiores. Isto é froito do forte incremento na demanda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destas probas diagnósticas e no incremento da produción que é posible acadar grazas á aposta por unha importante actualización tecnolóxica, realizada este ano, do equipo instalado.

Esta unidade de produción de radiofármacos PET de Galicia é un dos tres centros de carácter público con que conta España e, dun xeito pioneiro, a única que distribúe de forma centralizada radiofármacos ao propio Hospital Clínico de Santiago, ao Hospital Meixoeiro de Vigo, ao Centro Oncolóxico da Coruña, ao Hospital Universitario Lucus Augusti e ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A elaboración de radiofármacos para uso clínico supón un novo fito na estratexia galega de medicina de precisión porque permiten un diagnóstico temperán de varias doenzas, sobre todo de orixe tumoral.

A addenda do contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde e Galaria inclúe 50.000 euros destinados á Estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. As accións desta estratexia diríxense a cumprir co compromiso de que a sanidade pública acade as cero emisións netas á atmosfera no ano 2040.

Deste xeito, o actual acordo prorrogarase ata o 31 de decembro de 2025 por importe de 18.961.573 euros para manter o nivel actual de actividade enfocada principalmente á atención de pacientes oncolóxicos no Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA ESPECIALIZADA NA ÁREA DE VIGO POR 195 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS ANOS

- Múdase o concerto vixente por un contrato de servizos, polo que a Administración pagará só polos procesos realmente realizados e reforzará o control sobre a actividade da adxudicataria
- O obxectivo é prestar asistencia sanitaria especializada a unha poboación estimada de preto de 116.000 persoas que así o elixa, asignada aos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e os que se determinen de Vigo
- A atención inclúe asistencia especializada en consultas, en hospital de día e cirurxía maior ambulatoria, hospitalización en réxime de internamento, hospitalización domiciliaria, procedementos diagnósticos e terapéuticos e urxencias hospitalarias
- Exclúese a hemodinámica, a electrofisioloxía, a neurocirurxía ou a cirurxía torácica e inclúense prestacións como a radioterapia de intensidade modulada (IMRT) na oncoloxía radioterápica para mellorar a accesibilidade dos recursos de radioterapia na área de Vigo
- Coa carteira de servizos establecida, a Consellería de Sanidade optimiza todos os recursos asistenciais da área sanitaria de Vigo xa que aqueles procesos máis complexos se centralizan e teñen como referencia o Hospital Álvaro Cunqueiro, á vangarda diagnóstica e tecnolóxica
- Por equidade, calidade e eficiencia, o adxudicatario deberá implantar a historia clínica electrónica lanus, cumprir os protocolos específicos, garantir a continuidade asistencial e investir polo menos o 3 % anual do contrato en melloras e equipamento
- Créase unha unidade de supervisión e control para o seguimento do contrato e da calidade do servizo
- O Goberno galego tamén autoriza hoxe a prórroga do actual concerto co Hospital Povisa ata a entrada en vigor do novo contrato, prevista para o 1 de abril de 2025

O Executivo galego autorizou hoxe o contrato para a asistencia sanitaria especializada na área sanitaria de Vigo por un importe de 194.732.064 de euros e un período de vixencia inicial de dous anos.

O obxectivo é prestar asistencia sanitaria especializada a unha poboación estimada de arredor de 116.000 persoas que libremente así o elixa, asignada aos centros de saúde dos municipios de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueloutros que se determinen do municipio de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta terá unha vixencia inicial de dous anos, desde o 1 de abril de 2025 ata o 31 de marzo de 2027. Poderá ser prorrogado por tres anos máis, podendo acadar neste caso un valor estimado de 525,7 millóns de euros.

O Consello da Xunta desta mañá tamén autorizou a prórroga do actual concerto co Hospital Povisa ata a entrada en vigor do novo contrato, previsto para o 1 de abril de 2025.

Ao inicio do contrato, será a poboación de referencia que se atope protexida no marco do concerto vixente co Hospital Povisa a que reciba asistencia sanitaria especializada.

Unha vez transcorrido un ano desde a entrada en vigor do novo contrato, en cada exercicio establecerase un prazo de 30 días naturais para que os usuarios que así o desexen exerzan o seu dereito de elección, que levará implícita a permanencia anual.

O número de procesos asistenciais recollidos neste contrato de servizos é estimativo. O cálculo fíxose tendo en conta a actividade realizada no ano 2023, último ano completo pechado, polo que o prezo final que se aboará ao adxudicatario virá determinado polo número de procesos previstos na carteira de servizos que realmente se presten á poboación adscrita ao centro sanitario.

Coa autorización de hoxe polo Consello da Xunta, a Administración autonómica muda a tipificación do contrato para a prestación da asistencia sanitaria especializada na área de Vigo, pasando do actual concerto co Hospital Povisa a un contrato de servizos, polo que o adxudicatario ten a obriga de prestar asistencia sanitaria para os procesos incluídos na carteira de servizos que se recollen nos pregos.

Con este novo modelo o Goberno galego pagará só polos procesos que realmente se realicen á poboación de referencia e reforzará o control sobre a actividade prestada pola adxudicataria.

Para garantir o correcto funcionamento do servizo e velar pola calidade asistencial que se presta á poboación de referencia, crearase unha unidade de supervisión e control para o seguimento do contrato.

Procesos incluídos no novo contrato

A atención especializada recollida no novo contrato inclúe asistencia especializada en consultas; asistencia no hospital de día e procesos de cirurxía maior ambulatoria; hospitalización en réxime de internamento; hospitalización domiciliaria; procedementos diagnósticos e terapéuticos, e urxencias hospitalarias.

Máis concretamente, as prestacións sanitarias médicas incluídas na carteira de servizos son alergoloxía e inmunoloxía clínica; anestesioloxía e reanimación; aparello dixestivo (excluído cribado de cancro colorrectal); cardioloxía (excluídas hemodinámica e electrofisioloxía); endocrinoloxía e nutrición; hematoloxía e hemoterapia (excluído transplante de medula ósea); medicina intensiva; medicina interna; nefroloxía; medicina física e rehabilitación; oncoloxía médica; oncoloxía radioterápica (excluídas braquiterapia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e radiocirurxía); neuroloxía; reumatoloxía; pneumoloxía (excluída unidade de tuberculose e cribado de cancro de pulmón).

En canto á carteira de servizos cirúrxica, inclúense anxioloxía e cirurxía vascular; cirurxía xeral e do aparello dixestivo (excluído cribado de cancro colorrectal); cirurxía oral e maxilofacial; cirurxía ortopédica e traumatoloxía; cirurxía plástica, reparadora-queimados (excluídos os casos de grandes queimados, que son asumidos polo Chuac para toda Galicia); dermatoloxía e venereoloxía; xinecoloxía (excluídos centro de orientación familiar, reprodución humana asistida e cribados de cancro de cérvix); oftalmoloxía; otorrinolaringoloxía (excluído o implante coclear); e uroloxía.

Outras das prestacións recollidas especificamente no contrato autorizado son as análises clínicas (agás análises xenéticas e calquera mostra biolóxica orixinaria en atención primaria); anatomía patolóxica (excluídas análises xenéticas); coidados paliativos; hospitalización a domicilio; medicina nuclear; microbioloxía e parasitoloxía; neurofisioloxía clínica; radiodiagnóstico; litofragmentación extracorpórea; urxencias; farmacia; diálise; traballo social, e atención ao paciente.

Optimización dos recursos asistenciais

Coa carteira de servizos establecida, a Consellería de Sanidade optimiza todos os recursos asistenciais existentes na área sanitaria de Vigo xa que aqueles procesos máis complexos se centralizan no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, tendo como referencia o Hospital Álvaro Cunqueiro, que se atopa á vangarda diagnóstica e tecnolóxica.

Exclúense así do presente contrato a hemodinámica, a electrofisioloxía, a neurocirurxía ou a cirurxía torácica e inclúense prestacións como a radioterapia de intensidade modulada (IMRT) na oncoloxía radioterápica, mellorando, deste xeito, a accesibilidade dos recursos de radioterapia da área sanitaria de Vigo.

Co fin de velar pola equidade, a calidade e a eficiencia asistencial dos pacientes atendidos, o adxudicatario deberá realizar todas as actuacións precisas para a implantación e funcionamento, entre os seus facultativos e profesionais sanitarios, da historia clínica electrónica lanus. Tamén adoptará as medidas oportunas para a integración da información do rexistro de pacientes e da actividade asistencial no sistema de información de xestión de pacientes corporativo do Servizo Galego de Saúde.

Ademais, o adxudicatario está obrigado a cumprir cos procedementos e protocolos específicos de circuitos asistenciais de admisión, cirurxía robótica, oxixenación por membrana extracorpórea -ECMO- e comités de tumores, garantindo a continuidade asistencial.

Para asegurar a calidade e adecuación dos recursos materiais, medios e instalación empregados na prestación dos servizos, a entidade estará obrigada á realización de investimentos en obras para a mellora das instalación e/ou adquisición dos equipamentos que resulten necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade, destinando a este fin un mínimo dun 3 % do importe anual do contrato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o adxudicatario asume a obriga de aplicar os incrementos retributivos pactados no convenio colectivo. Concretamente en 2025 debe aplicar unha suba dun 3 % para os profesionais da entidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA CON PRETO DE 1,3 M€ A EDICIÓN DE 2025 DO 'XUVENTUDE MENTORING NA EMPRESA'

- O Goberno galego continúa coa terceira edición desta iniciativa que facilita prácticas laborais para que a mocidade reforce as súas competencias
- O Consello dá luz verde ao acordo para regular a concesión de subvencións a aqueles entes que xestionarán estas estadias e á realización de pagamentos anticipados
- Poden solicitar as axudas, cun importe máximo de 100.000€ por proxecto, entidades privadas sen ánimo de lucro, concellos e organismos dependentes destes
- As bolsas de formación están destinadas a persoas de entre 18 e 30 anos inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e empadroadas na Comunidade
- Na edición actual, que se está a desenvolver, participan 147 persoas repartidas en 96 empresas

A Xunta de Galicia reforzará con preto de 1,3 M€ o programa *Xuventude Mentoring na Empresa* en 2025 para facilitar estadias formativas para a mocidade en empresas ou entidades públicas e privadas vinculadas con sectores económicos estratéxicos para Galicia. Así se deu conta na reunión do Consello en que se presentou o proxecto de acordo para regular as subvencións a aqueles entes interesados en sumarse á iniciativa na súa terceira edición e que poderán solicitar o pagamento anticipado do 80 % da subvención concedida.

Así, ao abeiro desta proposta, que pretende favorecer o emprego xuvenil e reforzar as habilidades e competencias profesionais entre os mozos e mozas, as entidades poderán solicitar axudas de ata 100.000€ por programa para acoller a persoas en prácticas. Poderán participar na convocatoria aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea e que desenvolvan a súa actividade na Comunidade no eido da mocidade e o emprego. Tamén está aberta aos concellos galegos, mancomunidades de municipios ou órganos públicos dependentes destes. As axudas irán destinadas a sufragar distintos gastos, desde o persoal ao deseño de materiais.

Pola súa banda, a esta formación remunerada, polas que se percibirá unha bolsa dun mínimo de 661,50€ mensuais, poderán acceder os mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que estean inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito de Galicia.

Con este programa a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude traballa por achegar á mocidade os apoios necesarios para a súa transición á vida laboral despois dos seus estudos, potenciando a educación non formal, creando un ecosistema favorable á creación de oportunidades e favorecendo a captación e retención de talento en sectores económicos claves para Galicia (aeronáutica, agroalimentación, biotecnoloxía, automoción, enerxías renovables, madeira, metalmecánico, naval, pedra natural, téxtil, tecnoloxías da información e da comunicación).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a través de *Xuventude Mentoring na Empresa 2025* financiaranse proxectos de entidades que acollan entre 8 e 12 persoas mozas durante 3 ou 4 meses consecutivos e cun mínimo de 100 horas formativas ao mes.

Desenvolvemento do programa

Na primeira edición do programa beneficiáronse das axudas preto de 60 empresas que ofertaron un total de 170 prazas para as estadías de formación da mocidade galega, conseguindo unha porcentaxe de inserción laboral do 30 % ao finalizar a experiencia. Na edición actual, que se está a desenvolver, participan 147 persoas repartidas en 96 entidades.

As axudas desta iniciativa, que se canalizan a través da Xunta, están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Cómpre lembrar que tras a convocatoria e resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coas propostas subvencionadas, correspóndelle ás entidades e concellos beneficiarios a súa posta en marcha. Así como promotores do *Xuventude Mentoring na Empresa* serán os encargados de seleccionar as persoas participantes e destinalas aos centros de traballo que se considere.

O período de solicitude das subvencións por parte das entidades comezará ao día seguinte da publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia* e estenderase ata o 15 de novembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 176.000 EUROS ÁS AXUDAS Á NOVA CREAMIÓN AUDIOVISUAL PARA CURTAS E LONGAMETRAXES

- O Consello dálles luz verde ás bases da convocatoria de subvencións de 2025 para a promoción do talento neste sector a través da realización e posprodución de oito obras en formato curto e da produción de tres longas de dirección novel
- Mantense a súa dotación respecto a 2024, ano en que se incrementou nun 33 % a contía específica para a produción de curtametraxes

O Consello da Xunta autorizou hoxe as bases e a convocatoria para 2025 das subvencións anuais á creación audiovisual galega para a promoción do talento neste sector, a través das cales a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude investirá 176.000 euros en 11 novas curtametraxes e longas de dirección novel, todas elas en versión orixinal galega.

En concreto, cofinanciarase a realización de seis novas curtas con 8000 euros por proxecto, a posprodución de dúas curtametraxes con 4000 euros en cada caso e a produción de tres longametraxes de dirección novel con 40.000 euros por película.

Pioneiras no seu ámbito a nivel estatal, estas axudas ao talento audiovisual manteñen a súa dotación respecto á convocatoria de 2024, en que se reforzou cun incremento do 33 % no orzamento destinado especificamente á produción de curtametraxes.

O obxectivo desta liña de apoio é favorecer a incorporación da nova creación ao sector profesional coa finalidade de promover a xeración de propostas narrativas de especial valor cinematográfico e de contribuír ao enriquecemento cultural de Galicia mediante as distintas formas de expresión audiovisual, ao tempo que se facilita a súa función como instrumento para a promoción da lingua galega.

Para a súa concesión, en réxime de concorrència competitiva, teranse en conta criterios relacionados coa calidade e creatividade dos proxectos, a súa viabilidade cinematográfica ou a súa contribución cultural no ámbito de Galicia. No caso das propostas de posprodución de curtas e de produción de longametraxes, valorarase tamén o potencial de circulación das películas, así como o seu plan de lanzamento e de difusión.

Estas axudas enmárcase no programa anual de subvencións ao sector que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude xestiona a través da Axencia Galega das Industrias Culturais e que abrangue as diferentes fases do proceso audiovisual que van desde o xermolo dos proxectos ata a súa chegada ás pantallas, pasando pola produción, rodaxe, difusión ou comercialización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA BOLSAS FORMATIVAS PARA UNIVERSITARIOS NO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA PARA IMPULSAR A SÚA ESPECIALIZACIÓN E INSERCIÓN LABORAL

- O Consello do Goberno galego deu hoxe o visto e praxe a dúas resolucións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a convocatoria en 2025 dun total de nove bolsas formativas de 10 meses de duración nas sete oficinas do IGCC
- Oito das bolsas centraranse nos dereitos das persoas consumidoras e na seguridade dos produtos, mentres a novena abordará a promoción e defensa da competencia
- Canto á localización dos bolseiros, tres formaranse na oficina de Santiago e os outros seis nas da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo respectivamente
- O obxectivo da Xunta é fomentar a formación práctica en materia de consumo de titulados con licenciatura ou grao, co gallo de impulsar a súa incorporación ao mercado laboral, ao tempo que se avanza na defensa dos consumidores e usuarios

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a dúas resolucións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a convocatoria en 2025 dun total de nove bolsas formativas de 10 meses de duración no Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC). Oito dos bolseiros —que se formarán sobre dereitos dos consumidores e seguridade dos produtos— estarán destinados nas oficinas do IGCC nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela, a onde irán dúas persoas. Mentres, a novena bolsa —en materia de promoción e defensa da competencia— desenvolverase tamén nas dependencias do Instituto en Santiago.

As convocatorias teñen como obxectivo contribuír á formación práctica en materia de consumo de titulados superiores con licenciatura ou grao universitario, co gallo de impulsar a súa incorporación ao mercado laboral, ao tempo que se avanza na defensa das persoas consumidoras e usuarias.

Obxectivos das convocatorias

Co convencemento de que a formación é unha das fórmulas máis efectivas de contribuír á defensa e protección da seguridade dos consumidores e usuarios, as bolsas do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que se convocarán o vindeiro ano buscan que persoas cunha titulación universitaria de licenciatura ou grao poidan complementar os coñecementos teóricos adquiridos nos seus estudos cunha capacitación práctica que lles permita afrontar con maiores garantías o seu futuro profesional. Afóndase así na súa formación previa ao acceso á vida laboral co gallo de impulsar a súa entrada no mercado de traballo.

No caso das primeiras oito bolsas en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, estas están dirixidas a universitarios no ámbito do dereito. O obxectivo é facilitar a formación directa de futuros profesionais en materia de consumo e nos mecanismos de protección que se desenvolven na Administración e garantir a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

defensa dos consumidores, así como a formación, información e educación das persoas consumidoras e usuarias.

Canto á bolsa sobre promoción e defensa da competencia, búscase incidir nas materias obxecto da actividade da Comisión Galega da Competencia como a promoción e defensa da competencia e nos mecanismos de protección do correcto funcionamento do mercado existentes coa finalidade última de promover a liberdade de empresa no marco da economía de mercado.

Cómpre engadir que a formación a través destas bolsas complementábase coa que achega a Escola Galega de Consumo a toda a cidadanía. Integrada no Instituto Galego do Consumo e da Competencia, esta entidade forma cada ano máis de 20.000 persoas de todas as idades, con preto de 700 actuacións.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia

O impulso destas bolsas formativas enmárcase no labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, que se vén caracterizando desde a súa constitución hai 30 anos pola simplificación administrativa, pola gratuidade e pola eficacia na resolución dos conflitos en materia de consumo.

A cidadanía ten á súa disposición o Instituto a través das súas oficinas de atención presencial nas sete principais cidades galegas, vía web ou no teléfono gratuito 900 23 11 23, que funciona de 9.00 a 14.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas, de luns a venres, para ofrecer información e asesoramento en materia de consumo.

Cómpre engadir que o IGCC verase reforzado en 2025 cun orzamento de 7,4 millóns de euros para continuar garantindo a defensa dos intereses das persoas consumidoras e usuarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 32 MILLÓNS DE EUROS PARA ASINAR O NOVO CONVENIO COS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS QUE ESTARÁ VIXENTE ATA 2027

- Este montante está financiado nun 52,5 % polo Goberno autonómico, nun 40 % polas deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e nun 7,5 % polas entidades locais
- Grazas a este convenio poderase complementar o mapa de emerxencias de Galicia, facilitando a participación dos GES en tarefas de prevención e a colaboración na extinción de incendios forestais
- Os grupos teñen competencias para intervir en incendios, tanto urbanos como forestais; para definir, manter a rede de faixas de xestión da biomasa ou investigación a propiedade; tamén poderán levar a cabo prácticas para crear discontinuidades da cuberta vexetal

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; a Consellería do Medio Rural; a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para colaborar no desenvolvemento dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES). O convenio estará vixente durante os anos 2025, 2026 e 2027 e conta cun orzamento total de 32,16 millóns de euros.

Este montante está financiado nun 52,5 % polo Goberno autonómico, nun 40 % polas deputacións provinciais e nun 7,5 % polas entidades locais. Neste sentido, o investimento anual para garantir o correcto funcionamento deste convenio ascende ata os 10.720.000 euros. Cabe sinalar que este convenio vén prorrogándose desde o ano 2013.

Grazas a este convenio poderase complementar o mapa de emerxencias de Galicia, facilitando a participación dos GES en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais. Esta acción lévase a cabo ao considerar que o traballo dos grupos de emerxencia supramunicipais contribúe a mellorar as condicións xerais de seguridade das persoas e das súas propiedades en situacións de risco.

Así, seguirán desenvolvendo un servizo público en materia de emerxencia, protección civil e prevención de lumes. Os grupos teñen competencias para intervir en incendios, tanto urbanos como forestais; para definir, manter a rede de faixas de xestión da biomasa ou investigación da propiedade. Ademais, poderán levar a cabo prácticas para crear discontinuidades verticais e horizontais na cuberta vexetal e seguirán realizando actuacións de prevención da vespa velutina.

Poderán intervir en situacións de risco ou emerxencia para manter a rede de estradas, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente. Tamén terán competencias para actuar no caso de situacións derivadas de riscos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntos de terra e situacións de seca, entre outros traballos.

En definitiva, os GES poden intervir en calquera materia de protección civil, emerxencias e ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención desta, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITARÁ AXUDAS DIRECTAS PARA MÁIS DE 2.600 EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS GALEGAS CO FIN DE PALIAR AS CONSECUENCIAS DA ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA

- A Consellería do Medio Rural destina case 5,1 millóns para estas achegas que complementarán as xa pagadas polas indemnizacións por mortes, ás cales xa se destinaron máis de 200.000 euros, chegando aos 5,3 millóns en total
- Esta partida orzamentaria compensa a morte de bovinos a causa desta doenza e, ademais, subvenciona os custos dos tratamentos veterinarios para os animais afectados, así como os desinsectantes de gando e das instalacións
- Prevese a publicación da resolución para mediados do mes de xaneiro cos beneficiarios, os titulares das explotacións afectadas pola EHE en 2023 e 2024, ata o 5 de decembro, que só deberán presentar unha aceptación da axuda, axilizándose así ao máximo a tramitación

A Consellería do Medio Rural prevé beneficiar máis de 2.600 explotacións gandeiras galegas coas axudas directas de apoio para paliar as consecuencias da enfermidade hemorráxica epizootica (EHE), dotadas con case 5,1 millóns de euros. Concretamente, seguiranse compensando as mortes dos animais positivos por esta doenza e, ademais, subvencionaranse os custos dos tratamentos veterinarios e desinsectantes dos animais e instalacións das explotacións afectadas nos anos 2023 e 2024.

As contías por animal falecido irán dos 400 euros por bovino menor de 4 meses ata os 1.600 euros para aqueles de idade maior ou igual a 18 meses, e menor de 120, o que implica duplicar a contía media que recibían os gandeiros por este mesmo concepto ata o de agora. Esta axuda será complementaria coa orde de indemnizacións por morte que xa se pagou polo falecemento de 410 animais, cun importe de algo máis de 200.000 euros. Aqueles que se beneficiasen desta última orde de axudas recibirán a diferenza entre os baremos destas achegas concretas para EHE e os importes xa cobrados. Polo tanto, o Goberno galego inviste máis de 5,3 millóns de euros para paliar as consecuencias desta doenza.

Sobre as achegas dirixidas aos tratamentos veterinarios e desinsectantes de animais e instalacións, as contías que se concederán serán de 100 euros por animal afectado, no caso dos tratamentos, e de 20 euros por animal censado na explotación, ata un máximo de 4.000 euros por granxa, nos desinsectantes.

Menor carga burocrática

Estas axudas, ao ser directas, permiten reducir a carga burocrática para os gandeiros, polo que os titulares das explotacións só terán que presentar unha aceptación da axuda sen necesidade de xuntar ningunha outra documentación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A resolución provisional desta axudas, que se publicará previsiblemente a mediados de xaneiro, elaborouse coincidindo co final do período de actividade do mosquito vector transmisor da doenza, co obxectivo de que opten á axuda a maioría das explotacións afectadas no presente ano. Os beneficiarios deberán presentar, no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, a aceptación destas axudas. Posteriormente, faranse as comprobacións pertinentes para emitir a resolución final coa lista de beneficiados e, de ser o caso, proceder ao pagamento.

Vacina dispoñible

A EHE é unha enfermidade infecciosa, pero non contaxiosa, producida por un virus que se transmite aos animais exclusivamente a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides, spp.* Dada a vía de transmisión, esta doenza aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Hai, polo tanto, un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro) e outro, nos meses de inverno, en que ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais.

A única vía de contaxio nos animais é a través da picadura dos mosquitos transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles. Ademais, esta doenza non afecta as persoas, que non poden enfermarse nin pola picadura do mosquito transmisor, por contacto con animais infectados, nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais.

Ao tratarse dunha enfermidade vírica non hai tratamento curativo, pero existen dúas vacinas, unha desenvolvida pola farmacéutica galega Zendal e outra desenvolvida pola farmacéutica Syva, autorizadas pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, que están dispoñibles para a súa adquisición baixo prescrición veterinaria. Ademais da protección inmunolóxica que supón a administración da vacina, é fundamental a aplicación de medidas preventivas encamiñadas a evitar o contacto dos animais co mosquito vector, durante a época de circulación deste.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 5 M€ EN 2025 PARA GARANTIR A EXCELENCIA NA CALIDADE DOS PRODUTOS DO MAR

- O Consello da Xunta aprobou a addenda pola que se prorroga durante 2025 o contrato programa plurianual do Instituto Tecnolóxico para o Control de Medio Mariño de Galicia, un centro fundamental para manter a boa reputación e a calidade dos moluscos producidos na comunidade.
- Este contrato de xestión recolle as actuacións que debe realizar o centro dependente da Consellería do Mar no 2025 coa determinación dos obxectivos, plans, previsións en materia de persoal e as modificacións ou adaptacións que procedan.
- O Intecmar ten un papel clave para o mantemento da economía das zonas costeiras dependentes do marisqueo e da acuicultura vencellada coa produción do mexillón

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) disporá entre este ano 2025 de máis de 5 millóns de euros para levar a cabo o seu labor de control da calidade do medio mariño e das zonas de produción de moluscos bivalvos. Un traballo que garante a venda e consumo seguro das 200.000 toneladas de mexillón que produce Galicia e as 180.000 toneladas de moluscos bivalvos que pasan polas poxas das nosas lonxas. Así o recolle a addenda que prorroga durante 2025 o contrato programa plurianual do centro dependente da Consellería do Mar que foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

O Intecmar é un centro clave para o marisqueo e a acuicultura pois permite comercializar con todas as garantías hixiénico-sanitarias os moluscos producidos en Galicia e manter a súa boa reputación. O nivel de exigencia dos programas de control levados a cabo no centro é máximo acadando un nivel de excelencia na calidade das funcións realizadas. Ten tamén un importante papel no control das enfermidades dos moluscos, no eido da sanidade animal, e colabora na prevención e preparación para facer fronte a posibles episodios de contaminación mariña accidental. Por iso, o seu labor é clave tanto para a economía das zonas costeiras como para a protección do medio ambiente.

O proxecto de acordo aprobado polo Consello da Xunta recolle a addenda que prorroga o contrato plurianual de xestión coas actuacións a realizar polo centro durante 2025, coa determinación dos obxectivos, actuacións, previsións sobre persoal e marco económico-financeiro. A súa aprobación faise de acordo co establecido na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga) e enmárcase no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do pasado 4 de marzo de 2021.

O acordo inclúe tanto os obxectivos que se perseguen co traballo do Intecmar como as expectativas de resultados e, en xeral, a xestión que se vai desenvolver. Ademais, incorpora as 18 actuacións necesarias para acadar eses obxectivos -con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias- e os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O labor do Intecmar

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia realiza cada ano arredor de 80.000 análises de distinto tipo -microbiolóxicas, físico-químicas, virolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas- en moluscos bivalvos vivos e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal que garanten que os produtos que chegan ao consumidor polas canles legais procedentes das rías galegas son aptos para o consumo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CETGA DESTINAN 700.000 EUROS AO ESTUDO DA SUPERVIVENCIA DA AMEIXA XAPÓNICA E DO BERBERECHO EN EPISODIOS DE BAIXA SALINIDADE

- Mediante o proxecto BIOREM identificaranse as bacterias beneficiosa e prexudiciais, co fin de mellorar o estado sanitario do substrato en que se desenvolven
- Esta iniciativa aposta por contribuír á mellora da resiliencia do marisqueo mediante a aplicación de medidas de acuicultura sustentable, transformación e comercialización dos produtos contribuíndo, en paralelo, á seguridade á seguridade alimentaria

O Consello da Xunta deu conta hoxe do convenio entre a Consellería do Mar e o O Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (CETGA), a través do cal se investirán 700.000 euros para o estudo da supervivencia de bivalvos (ameixa xapónica e berberecho) mediante estratexias que illen e seleccionen cepas bacterianas con características probióticas asociadas ao seu cultivo e que poidan ser empregadas para desenvolver unha estratexia de biorremediación ambiental que incremente a súa resistencia ante episodios de baixa salinidade.

Con este proxecto, coñecido como BIOREM, dáse continuidade ao obxectivo de fomentar a acuicultura sustentable, á transformación e comercialización dos produtos contribuíndo, en paralelo, á seguridade alimentaria, ademais de reforzar a competitividade do sector. Deste xeito, o coñecemento xerado poderá ser aplicado para o desenvolvemento de estratexias de biorremediación e mellora do estado sanitario, baseadas no uso das bacterias probióticas identificadas, que permitirán mellorar o estado do substrato en que se desenvolven. Este obxectivo alcanzarase a través da determinación do microbioma asociado ao cultivo da ameixa xaponesa e do berberecho, diferenciando as cepas bacterianas que son beneficiosas das que non o son; da análise do efecto da salinidade sobre a abundancia das devanditas cepas no microbioma; do desenvolvemento dun cóctel bacteriano probiótico para engadir ao solo ou á auga do cultivo da cría de ameixa, con vistas a aumentar a súa supervivencia; e da determinación da eficacia do cóctel probiótico desenvolvido sobre a supervivencia da dúas especies, baixo condicións de cultivo.

Referente internacional

Para a realización deste proxecto o CETGA contará con dous grupos de investigación da Universidade de A Coruña: o Grupo de Investigación en Bioloxía Evolutiva (GIBE) do Centro de Investigación Científica Avanzada (CICA) e o Grupo Microalgae do Departamento de Microbioloxía da Facultade de Ciencias. Este centro, que agrupa as empresas relacionadas co sector piscícola, principalmente de Galicia, sitúase como referente internacional na acuicultura xa que os seus asociados, con plantas repartidas por toda Europa, representan o 85 % da produción europea de rodaballo e linguado. Ten como misión ofrecer solucións innovadoras para a mellora de produtos, procesos e sistemas, mellorando a competitividade das empresas acuícolas a través da I+D, desenvolvendo actividades en diversas áreas de coñecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Frear a mortalidade

Os moluscos bivalvos constitúen unha parte importante na economía galega. Deixando á parte o mexillón como a indiscutible especie de molusco con maior impacto económico en Galicia, as principais especies cultivadas de bivalvos son a ostra plana e a rizada, o berberecho, a volandeira e varias especies de ameixa.

Ata o ano 2005 a ameixa babosa alcanzaba as producións máis altas, pero a partir dese ano a produción de ameixa xaponesa foi aumentando ata chegar a superar as 2.000 toneladas no ano 2008. Na actualidade, esta especie é a de maior repercusión económica, cunha produción de 2.027 toneladas no ano 2023, que supuxeron uns ingresos de 25.383.024 €. En segundo lugar sitúase a ameixa fina con 217 toneladas; en terceiro, a ameixa babosa con 153 toneladas; e, cuarto lugar, a ameixa loura, con 150 toneladas.

Pola súa banda, o berberecho nos últimos anos sufriu un descenso importante na produción, pasando das 2.299,2 toneladas no ano 2022 a tan só 484,6 toneladas no ano 2023, o que supón un descenso do 78,92 %. E é que na pasada anualidade os bivalvos en cultivo sufriron unha elevada mortalidade, motivada en boa parte polo cambio climático, a contaminación, a sobrepesca ou as especies invasoras que afectan as rías e provocan cambios nos ecosistemas mariños, facendo que algúns non sexan capaces de adaptarse a ese medio tan hostil e vaian desaparecendo, sobre todo as categorías autóctonas de Galicia.

Esta situación evidencia a necesidade de investigar e implantar estratexias de cultivo que aumenten a súa supervivencia, capacitándoos para afrontar os cambios mencionados e orixinados polos cambios meteorolóxicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 82 M€ NA SUSTENTABILIDADE, MODERNIZACIÓN E COMPETITIVIDADE DOS SECTORES MARÍTIMO-PESQUEIRO E ACUÍCOLA

- O 80 % deste orzamento, máis de 65,7 millóns, está destinado á investimentos produtivos en acuicultura, coa mitilicultura como principal eixe de proxectos
- As pemes de transformación de produtos do mar beneficiaranse de 10 millóns de euros para mellorar as súas instalacións
- Para os propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia póñense á disposición máis de 6,2 millóns, co fin de impulsar a mellora dos buques en seguridade, habitabilidade e sustentabilidade
- As axudas saíran publicadas no *Diario Oficial de Galicia* os días 8, 9 e 10 de xaneiro do 2025

O Consello da Xunta deu conta das axudas convocadas pola Consellería do Mar, destinadas á sustentabilidade, á modernización e á competitividade dos sectores marítimo-pesqueiro e acuícola. En total, 81.953.081 euros, que serán cofinanciados nun 70 % polos fondos europeos (FEMPA e FEMP) e nun 30 % polo departamento autonómico.

Desta cantidade, o 80 % (65.700.874 euros), distribuirase ata 2027 e está dirixido á acuicultura, co fin de mellorar os seus establecementos de xeito que a produción se incremente en cantidade e calidade, mellorando ademais a sustentabilidade e as condicións de seguridade dos traballadores do mar. É dicir, o obxectivo é contribuír positivamente nos resultados económicos do sector, ao tempo que se facilita que este sexa máis sustentable e competitivo. Neste censo, a mitilicultura é o eixe fundamental dos proxectos presentados polo sector, feito que se prevé que continúe nesta nova convocatoria.

Impulso á transformación

As pemes de transformación de produtos do mar beneficiaranse de 10 millóns de euros para mellorar as súas instalacións. Estas axudas distribúense do seguinte xeito: 2.114.334 euros en 2025 e 7.885.666 euros en 2026. A través destas achegas subvencionarase o 50 % dos investimentos que fagan as pequenas e medianas empresas que fomenten a sustentabilidade ambiental, podendo chegar ao 100 % se cumpren os seguintes requisitos: ser de interese e ter un beneficiario colectivo, dispor de características innovadoras, garantir o acceso do público aos resultados e desenvolver proxectos co seguintes obxectivos: fomentar a calidade e o valor engadido dos produtos; contribuír ao aforro enerxético, reducir o impacto no ambiente, incluíndo o tratamento de residuos; mellorar a seguridade, hixiene, saúde e as condicións de traballo; axudar á transformación de capturas de pescado comercial que non se poidan destinar ao consumo humano; impulsar a transformación de subprodutos obtidos das actividades principais de transformación; apostar pola acuicultura ecolóxica; ou dar lugar a novos e mellores produtos, procesos e sistemas de xestión e organización.

Modernización de buques

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia poderán beneficiarse das axudas convocadas para 2025 por valor de 6.252.207 euros. Serán proxectos subvencionables os que inclúan a modernización e mellora de buques, especialmente no relativo á seguridade, habitabilidade e sustentabilidade. Entre os proxectos subvencionables estarían a subministración e instalación de hélices de manobra; reformas das estruturas de abrigo na cuberta; equipamentos como dispositivos de salvamento e loita contra lumes, traxes de supervivencia ou equipamentos de navegación; adaptacións nas instalacións para mellorar as condicións laborais e hixiénico-sanitarias; equipamentos radioeléctricos de comunicación vía satélite e implantación de sistemas wifi a bordo; sistemas de xestión enerxética; e software de xestión.

Trátase de fomentar a actividade sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos, a través de actuación que contribúan a diminuír o efecto da pesca, garantir a seguridade a bordo e aumentar a eficiencia enerxética, mitigar o cambio climático e reducir as emisións de CO₂, ademais de aumentar o valor engadido, a economía circular e a seguridade alimentaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,2 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS

- O 3 de xaneiro o DOG publicará as dúas ordes de axudas coas cales Mar apoia o sector, co fin garantir a súa viabilidade
- Beneficiarán destas achegas as confrarías de pescadores e federacións destas, as organizacións de produtores e entidades asociativas
- Galicia conta con máis de 3.600 permisos de explotación de marisqueo a pé e preto de 2.500 embarcacións especializadas nesta actividade que, o pasado ano, acadou unha produción superior ás 5.100 toneladas

O Consello da Xunta deu conta das dúas ordes de axudas convocadas pola Consellería do Mar para a mellora da xestión e conservación dos bancos marisqueiros, e que ascenden a 2,2 millóns de euros. As achegas serán publicadas o vindeiro 3 de xaneiro no *Diario Oficial de Galicia* e a elas poderán acollerse as confrarías de pescadores e federacións destas, as organizacións de produtores e as entidades asociativas do sector.

A primeira orde está destinada a promover a elaboración e desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños. Dispón dun orzamento de 1,9 millóns de euros, distribuídos en dúas anualidades: 1.000.000, en 2025, e 900.000, en 2026.

Serán subvencionables as actuacións relacionadas coa restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, incluídos bancos naturais, zonas de cría e reprodución das especies. Tamén será obxecto desta convocatoria aquelas actividades que impliquen a redución da contaminación física e química, as medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna e as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para a reprodución dos organismos mariños.

A segunda, cunha dotación económica de 300.000 euros para 2025, está dirixida ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, evitando o abandono de zonas produtivas en que se estea a dar unha perda de produtividade. Neste caso, os proxectos que se presenten deben ter como finalidade mellorar a produtividade naqueles bancos con problemas de perda de produción e a conservación sustentable desta zonas.

Galicia, Comunidade pioneira

A galega é a única rexión que ofrece un sistema real de cogobernanza, a través de plans de xestión elaborados polo propio sector, e que abarcan desde a explotación dos recursos á organización do traballo non extractivo e á conservación dos hábitats. Así, estas axudas non só contribuirán a facer rendible a actividade marisqueira, senón que contribuirán á competitividade e sustentabilidade do sector do marisqueo, golpeado nos últimos tempos pola aparición de patoloxías como a *Marteilia Cochilia* no berberecho, os episodios de baixa salinidade, ou os cambios meteorolóxicos que inflúen na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dispoñibilidade dos nutrientes nas augas.

A Consellería do Mar segue traballando da man do sector e usando tanto os fondos propios como aquelas vías de financiamento que permite a Unión Europea para estes casos, cumprindo escurpulosamente os requisitos que estas liñas de financiamento establecen para poder ser usados, pois o marisqueo é un sector estratéxico para Galicia desde o punto de vista socioeconómico e ambiental. Así se pode comprobar, por exemplo, no recoñecemento da Rede de seguimento, avaliación e apoio local da pesca e a acuicultura da Comisión Europea e de Pesca (FEMP) e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA). Ademais, o actualmente vixente Plan xeral 2024-2026 de Galicia inclúe 92 plans de explotación dos recursos xerais e é o resultado dun estudo continuado da evolución destes recursos e dos ecosistemas a tres anos vista con obxectivos que favorecen o seu uso sustentable a longo prazo, da mellora das rendas dos traballadores e a creación de postos de traballo e mantemento dos existentes.

A Comunidade conta con máis de 3.600 permisos de explotación de marisqueo a pé, preto de 2.500 embarcacións na modalidade de marisqueo desde a embarcación e con 700 permisos con algunha modalidade de recursos específicos. É unha actividade que é desenvolva por máis de 70 entidades asociativas que, no último exercicio, acadou unha produción superior ás 5.100 toneladas, alcanzando un valor de máis de 62 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA O SEU COMPROMISO COA PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DA INDUSTRIA CONSERVEIRA INCREMENTANDO UN 35 % O SEU ACORDO CON ANFACO NO 2025

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e Anfaco-Cecopesca para a promoción e mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros ao longo do próximo ano
- A sinatura deste convenio contará cun apoio económico de 202.070 euros durante o 2025, que permitirá realizar accións de promoción tanto a nivel sectorial como dos produtos do mar
- Entre as iniciativas que se desenvolverán ao abeiro deste convenio está o encontro internacional de profesionais Tuna Exhibition 2025 ou a 2ª edición da campaña “A Matriculata”, dirixida a fomentar hábitos alimenticios saudables entre os estudantes

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe o acordo onde se detalla a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos Anfaco-Cecopesca para a promoción e mellora da comercialización das conservas de produtos do mar no 2025 co obxectivo de impulsar a competitividade do sector e favorecer o seu crecemento a nivel internacional.

Desde o Goberno galego apóstanse por incrementar a promoción dos produtos pertencentes á industria conserveira mobilizando 202.070 euros dedicados a ámbitos que pasan pola posta en marcha de accións dirixidas a reactivar a demanda por parte dos consumidores actuais, chamando a atención en especial dos máis novos, a coordinación de accións de potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento destes e incrementar así a súa competitividade. A contía que se vai asinar entre ambas partes será financiada nun 70 % co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) dentro da súa prioridade de Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, e o restante 30 % con cargo aos orzamentos da Xunta.

Nesta liña, para a Consellería do Mar o traballo en difusión, promoción e internacionalización dos produtos pesqueiros é crucial, e por iso se busca facer partícipe aos actores da cadea mar-industria da tarefa, identificando en cada caso ás organizacións ou entidades que poidan contribuír a alcanzar estes obxectivos e habilitar vías de colaboración con elas. É o caso da Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (Anfaco-Cecopesca), que contará no 2025 cun apoio para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros de 202.070 euros, unha cifra que se ve incrementada nun 35,6 % con respecto ao ano anterior.

Accións promocionais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as distintas accións que terán cobertura ao abeiro deste acordo están diferentes actuacións encamiñadas a que a produción de Galicia conquiste novos mercados, como a presenza en feiras ou a celebración de foros e eventos, así como as destinadas á dixitalización e á mellora da comercialización de produtos froito da transformación de materias primas pesqueiras e acuícolas.

A participación en eventos e feiras nacionais e internacionais para a promoción dos valores nutricionais e a versatilidade gastronómica das conservas é outra das liñas que se promoven con este convenio. Un exemplo é a asistencia á feira Gulfood de Dubai, que terá lugar entre o 17 e o 21 de febreiro, ou a Foodex Japan, que se celebrará en Tokio entre o 11 e 14 de marzo, e onde a industria conserveira galega se promocionará ante os grandes escaparates estratéxicos para o sector.

O convenio tamén inclúe a celebración de *showcookings*, obradoiros, degustacións en eventos e festas gastronómicas, puntos de venda e eventos deportivos, entre outros, co obxectivo de promover o potencial culinario das conservas e enxalzar Galicia como gran embaixadora da dieta atlántica.

A maiores, grazas a esta colaboración, tamén se realizará material de promoción en distintos idiomas coa finalidade de promover o consumo e aumentar o coñecemento sobre as conservas de peixe e marisco. Tamén se traballará na promoción do patrimonio cultural da industria conserveira achegando de xeito atractivo, mediante tecnoloxía dixital, a riqueza do patrimonio conserveiro á mocidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA 'ANO CASTELAO' O 2025 CON MOTIVO DE DA CELEBRACIÓN DO 75 ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO

- O Goberno galego salienta que se trata dunha figura que “convoca e une a todos” e conta coa “máxima estima do pobo galego co escolleu como un dos seus símbolos”
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude organizará unha ampla programación para enxalzar as súas importantes achegas tanto no eido da política como na cultura
- Castelao será recreado virtualmente nunha exposición na Cidade da Cultura que permitirá interactuar con el e facer un percorrido pola súa vida e obra no Metaverso
- Os centros escolares contarán con actividades que permitirán o alumnado descubrir e afondar nas múltiples facianas dun dos persoeiros máis relevantes de Galicia

O Goberno galego acordou declarar o vindeiro 2025 como *Ano Castelao* co gallo da celebración do 75 aniversario do seu pasamento e como “mostra de gratitude do pobo galego” a esta figura senlleira da cultura e política galegas. Así se decidiu no Consello da Xunta celebrado hoxe onde se aprobou a declaración institucional, en que se erixe a Daniel Alfonso Rodríguez Castelao como “un dos persoeiros máis coñecidos e recoñecidos por todos os galegos e galegas” que é capaz de “convocar sempre e unir a todos”. Por iso, ponse en valor que o pobo galego lle teña outorgado “a máxima estima e o teña escollido como un dos seus símbolos”.

Consecuentemente, con motivo da Declaración Institucional do 2025 como *Ano Castelao*, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten preparada unha ampla programación para enxalzar as importantes achegas do intelectual galeguista, tanto no eido da política como no da cultura.

Deste xeito, unha das accións máis relevantes para enxalzar a súa contribución histórica será a recreación virtual de Castelao nunha exposición na Cidade da Cultura, que permitira interactuar directamente con el, e na cal tamén se reproducirá a súa voz. Deste xeito, será o mesmo Castelao quen guiará os visitantes nun percorrido pola súa vida, obra, achegas intelectuais e políticas e tamén creativas, a través dos seus debuxos.

Esta recreación da figura e da súa vida no Metaverso será posible grazas ao proxecto *Galiverso* da Cidade da Cultura, unha iniciativa das consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que emprega as tecnoloxías inmersivas e que, na actualidade, permite no Museo Centro Gaiás descubrir importantes bens que forman parte do noso patrimonio cultural a través da súa recreación en realidade virtual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Difusión entre os escolares

Ademais desta recreación virtual de Castelao e da súa vida e obra, a Xunta ten organizado, dentro da súa programación para difundir o legado cultural e intelectual do escritor rianxeiro, actividades diversas de carácter educativo pero tamén con compoñente de lecer para desenvolver en todos os centros escolares de toda Galicia.

Estas actividades levaranse a cabo desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da coordinación cos equipos de Dinamización da Lingua e tamén das bibliotecas con que contan as escolas galegas.

Publicación histórica das tres versións de 'Os vellos non deben de namorarse'

A estas accións educativas sumaráselle a edición, en colaboración coa Fundación Castelao e a Editorial Galaxia, das tres versións que deixou publicadas Castelao da súa emblemática peza teatral: *Os vellos non deben de namorarse*. Cómpre salientar que será a primeira vez que se leve a cabo a publicación simultánea dunha das obras máis populares do teatro galego, estreada en Bos Aires en 1941.

Hai que destacar que esta edición especial tripla enmárcase na coincidencia da celebración do *Ano Castelao* co 75 aniversario o ano que vén da creación de Galaxia, editorial que conta tamén cunha forte carga simbólica en Galicia e que ten tido á fronte da súa presidencia figuras sobranceiras, como foi Ramón Otero Pedrayo, e que leva traballando activamente tres cuartos de século polo prestixio da literatura, cultura e lingua galegas.

Finalmente, a ampla programación para festexar o *Ano Castelo* tamén incluírá, entre outras accións, a dixitalización, en colaboración co Instituto Padre Sarmiento, de toda a documentación descuberta sobre o proceso de aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia de 1936, en que Castelao foi un dos partícipes directos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREVÉ BENEFICIAR 170 COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS E PROMOVER A INCORPORACIÓN DE 325 PERSOAS SOCIAS COS 5 M€ DO PROGRAMA APROL SOCIAL 2025

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe esta orde que busca impulsar o emprego e o emprendemento na economía social, con achegas á incorporación de socios ou traballadores e a quen se estableza por conta propia e se sume logo a estas entidades
- As contías incrementanse se as beneficiarias finais son mulleres, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos ou emigrantes retornadas, así como no caso de concellos rurais, cooperativas xuvenís ou de nova creación con catro socios ou máis
- Entre os anos 2017 e 2024, a Xunta destinou case 34 millóns de euros a esta iniciativa, permitindo a incorporación de case 6.200 persoas a cooperativas e sociedades laborais
- O Consello da Xunta tamén analizou a convocatoria do certame Cooperativismo no Ensino e dos Premios á Cooperación 2025, unificados por primeira vez para avanzar na simplificación administrativa e na difusión dos valores do cooperativismo
- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración investirá máis de 44 millóns de euros en 2025 no campo da economía social, un 2,77 % máis ca este ano

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a orde de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para fomentar o emprego e a mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais. Cun orzamento de 5 millóns de euros, prevese que o programa Aprol Economía Social beneficie unhas 170 entidades e promova a incorporación de 325 persoas socias, consolidando un ecosistema económico de crecemento sustentable que aposta polo emprendemento e polo emprego de calidade, ao tempo que contribúe a vertebrar o territorio e a fixar poboación no rural.

O programa conta con dúas liñas compatibles entre si: a primeira con axudas directas a cooperativas e sociedades laborais para que incorporen, sobre todo, persoas desempregadas; e a segunda da que se pode beneficiar quen entre como socio ou traballador indefinido a unha destas entidades ou ben se incorpore tras iniciar a súa actividade por conta propia. Neste último caso, os apoios son compatibles co resto de liñas de impulso ao emprendemento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Como novidade, nesta nova convocatoria a Xunta eleva dos dous aos tres anos o período de permanencia como cooperativa ou sociedade laboral requirido ás entidades beneficiarias, co gallo de asegurar no tempo o seu beneficio no eido do traballo por conta propia. Coa finalidade de consolidar o emprego de calidade, deberase manter tamén durante tres anos o incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras indefinidas comprometido nas solicitudes presentadas e aprobadas.

Detalles do programa Aprol Economía Social 2025

A contía básica da axuda en cada liña ascende a 6.000 euros. No caso da primeira, poden solicitala cooperativas e sociedades laborais que sumen socios ou traballadores con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

carácter indefinido, sendo as beneficiarias finais as persoas desempregadas socias a proba, traballadoras a tempo completo ou temporais que se incorporan.

Mentres, o segundo programa diríxese ás persoas que accedan á condición de socias dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral con carácter indefinido co obxecto de facilitar a súa achega ao capital social e reforzar o emprendemento no eido da economía social, sempre que estivesen previamente desempregadas, fosen socias a proba nas entidades ás cales se incorporan, estivesen salariadas nelas ou noutras empresas que logo se transforman en cooperativa ou sociedade laboral. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas que, sendo desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa como socias en réxime de exclusividade.

En ambas as liñas, a orde recolle incrementos da axuda acumulables entre si do 25 % se as beneficiarias finais son mulleres, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, emigrantes retornadas ou trans. Tamén se as entidades teñen a sede en contornas rurais, se son cooperativas xuvenís ou de nova creación que contén con catro ou máis socios.

Cómpre engadir que entre os anos 2017 e 2024, a Xunta destinou case 34 millóns de euros a esta iniciativa, permitindo a incorporación de preto de 6.200 persoas a cooperativas e sociedades laborais co conseguinte reforzo da economía social.

Cooperativismo no ensino e premios á cooperación

O Consello da Xunta tamén analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2025 do certame Cooperativismo no ensino e dos premios á cooperación, unificados por primeira vez co fin de avanzar na simplificación administrativa e na difusión dos valores do cooperativismo como motor de crecemento económico sustentable.

Sobre Cooperativismo no ensino, o certame está aberto aos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial, igual que na última edición en que participaron 25 centros. O alumnado poderá presentar os seus traballos en tres categorías: actividades artísticas (para educación infantil, primaria e educación especial), actividades cooperativizadas (para educación secundaria obrigatoria e educación especial) e proxectos empresariais cooperativos (para centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial).

Mentres, aos Premios á cooperación poden optar todas as cooperativas galegas que teñan destacado polo seu traballo, que estean ao día das súas obrigas e que non resultasen recoñecidas en anos anteriores. Ao igual que en edicións previas —como a última, en que participaron 14 cooperativas— as modalidades son tres: premio aos valores cooperativos, ao mellor proxecto cooperativo novo e á traxectoria cooperativa.

Compromiso coa economía social

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten orzados en economía social para o ano 2025 máis de 44 M€, un 2,77% máis ca este ano. Haberá axudas para centros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especiais de emprego, para a creación e mantemento de postos de traballo en empresas de inserción, para a formación dual destinada ás persoas con discapacidade intelectual e para a creación e consolidación de empresas e emprego na economía social, entre outras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O PROGRAMA INVESTIGO CON CASE 5 M€ AO ABEIRO DA ESTRATEXIA MOCIDADE ACTIVA PARA RETER O TALENTO DE ATA 215 PERSOAS MENORES DE 30 ANOS

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe a vindeira edición desta iniciativa que se enmarcará na nova estratexia para a xente moza que —tan só no caso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración— estará dotada con 20 millóns de euros
- A nova edición está avalada polo precedente de que arredor do 52 % dos beneficiarios das convocatorias anteriores continúan a traballar nas empresas que confiaron neles
- En concreto, finánciase a contratación indefinida e a tempo completo por 12 meses de persoas desempregadas de entre 16 e 30 anos por parte de empresas cualificadas como iniciativas de base tecnolóxica e/ou que traballen en investigación e innovación
- Por primeira vez, resérvase 1 millón de euros do orzamento para as entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan como actividade principal a I+D+i
- Entre os anos 2022 —cando se estreou o programa— e 2024, a Xunta destinou máis de 27 millóns de euros a esta iniciativa, con máis de 210 empresas beneficiarias que posibilitaron case 900 contratacións de persoas mozas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o programa Investigo 2025, con máis de 4,8 millóns de euros de orzamento para apoiar a contratación de menores de 30 anos no eido da investigación, a tecnoloxía e a innovación. Por primeira vez, a iniciativa intégrase na nova Estratexia mocidade activa do Goberno galego para impulsar as oportunidades laborais e reter o talento da xente nova, que —tan só no caso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración— estará dotada con 20 millóns de euros.

A previsión é fomentar a contratación de entre 145 e 215 persoas en función dos módulos salariais que se apliquen, avaladas polo precedente de que arredor do 52 % dos beneficiarios das convocatorias anteriores continúan a traballar nas empresas que confiaron neles no marco do programa Investigo.

Como novidade na convocatoria de 2025, reservarase 1 millón de euros do orzamento para as entidades privadas sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que teñan como actividade principal a I+D+i.

Detalles da convocatoria

Co programa Investigo, a Administración autonómica apoia a contratación de persoas mozas como investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i en empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), así como en calquera outra radicada en Galicia que desenvolva a súa actividade no eido da investigación, a tecnoloxía e a innovación.

As contratacións formalizaranse na modalidade de contrato indefinido a tempo completo, por un período máximo subvencionado de 12 meses. As persoas beneficiarias finais, de entre 16 e 30 anos, deben atoparse en situación de desemprego e estar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inscritas como demandantes de emprego no momento de comezar a relación contractual.

En concreto, as achegas da Xunta permitirán financiar a contratación por conta allea das mozas e mozos e oscilarán entre os 22.405,92 e 33.108,84 euros por persoa segundo os módulos que se apliquen, cubrindo os custos laborais e salariais.

Canto aos campos de traballo, as persoas contratadas levarán a cabo as súas actividades preferentemente en eidos como o da transición ecolóxica, economía verde (enerxías renovables, eficiencia enerxética, tratamento de augas e de residuos e industria agroalimentaria) e dixitalización de servizos, enxeñaría de datos e *data science*. As iniciativas poderán desenvolverse tamén en ocupacións referidas á sanidade e investigación.

Cómpre engadir que entre os anos 2022 —cando se estreou o programa Investigo— e 2024, a Xunta destinou máis de 27 millóns de euros a este plan, cun total de 213 empresas beneficiarias que posibilitaron 863 contratacións de persoas mozas.

Estratexia mocidade activa

Con esta medida, a Xunta segue a propiciar a inserción laboral das persoas mozas, mellorando a súa cualificación e outorgándolles a posibilidade de desenvolverse profesionalmente en ocupacións con alta demanda.

No marco do compromiso autonómico coa retención do talento mozo a Estratexia mocidade activa busca impulsar as oportunidades dos máis novos para que atopen emprego de calidade ou se atrevan co emprendemento tamén con outras iniciativas, como o programa de 1ª experiencia profesional que se reeditará en 2025, o Galicia Emprega Moz@s, os programas de emprego para menores de 30 anos do sistema de Garantía Xuvenil ou o novo proxecto de apoio ao emprendemento para favorecer a conexión entre mozos universitarios con empresas usuarias da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS NOVAS AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN DA CONTORNA PAISAXÍSTICA E LOITA CONTRA A EROSIÓN NOS VIÑEDOS DA RIBEIRA SACRA POR 2 M€ PODERÁN SOLICITARSE EN BREVE

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe sobre estas subvencións, que xestionará a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, adscrita á Consellería do Medio Rural
- As achegas serán para as persoas viticultoras inscritas na Denominación de Orixe Protexida (DOP) Ribeira Sacra que colaboran, co seu cultivo, na conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión nos viñedos desta zona
- A actuación intégrase no paquete de medidas da Xunta para axudar os viticultores desta DOP ante das dificultades polos excedentes de viño tinto, xunto coa destilación de crise, a divulgación e formación sobre o ecorrénxime da PAC de cultivos leñosos en terreos con pendente ou as subvencións para recollida de uva

A Xunta ultima as axudas para a conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra, por importe de dous millóns de euros. O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe sobre estas subvencións, que xestionará a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, adscrita á Consellería do Medio Rural.

A convocatoria para o ano 2025 farase efectiva mediante a súa próxima publicación no Diario Oficial de Galicia o vindeiro luns, 30 de decembro, e realizarase en réxime de competencia non competitiva, de forma que, no caso de que crédito dispoñible non sexa suficiente para facer fronte ás axudas solicitadas, procederase ao rateo. As subvencións serán para as persoas viticultoras inscritas na denominación de orixe protexida (DOP) Ribeira Sacra que colaboran, co seu cultivo, na conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión nos viñedos desta DOP.

Así, cómpre sinalar que, debido á orografía do terreo, o cultivo do viñado faise en socalcos con muras de pedra e que estes son sistemas produtivos moi eficientes que determinan o mantemento dunha cultura agraria propia, que axuda a evitar unha erosión incontrolada.

Polo tanto, tense en conta que o cultivo da vide contribúe de forma moi significativa á singularidade paisaxística desta zona e que o sector vitivinícola é un motor económico fundamental para o territorio da Ribeira Sacra, un área que ademais ten un atractivo turístico en crecemento, favorecido pola súa candidatura a Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

A contía individualizada destas axudas para cada beneficiario será, como máximo, de 2.000 euros por hectárea para o cultivo da vide en socalcos de pedra de forma non mecanizada e de 1.000 euros para o que se fai en socalcos ou mediante traballo mecanizado. Non se concederán axudas superiores a 50.000 euros por persoa beneficiaria.

Paquete de medidas a prol da Ribeira Sacra

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas subvencións forman parte do paquete de medidas comprometidas en setembro pasado pola Xunta para axudar os viticultores desta zona ante das dificultades causadas polos excedentes de viño tinto. Así, recollíanse outras accións, todas elas xa en marcha ou realizadas, como as axudas para a destilación de crise, unha maior divulgación e formación sobre as oportunidades do ecorrégime da PAC de cultivos leñosos en terreos con pendente ou ampliar as campañas de promoción e subvencións para facilitar a recollida de uva.

Dentro do devandito paquete, esta medida en concreto ten un carácter novo e responde ás especiais condicións de produción dos viños desta zona, que contribúe a manter unha paisaxe única, así como a loitar contra a erosión nestas terras do interior das provincias Lugo e Ourense, nos vales dos ríos Miño e Sil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE 1,35 M€ EN AXUDAS PARA O FOMENTO DAS PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E REXENERACIÓN DE SOUTOS TRADICIONAIS

- Este montante beneficiará 58 expedientes, o que permitirá plantar algo máis de 23.800 pés e actuar nun total de 289 hectáreas, reforzando o papel de Galicia como principal comunidade autónoma en produción e exportación de castañas
- A provincia máis beneficiada é a de Lugo, que acumula un 67,70 % do orzamento, xa que a presenza desta especie é maioritaria nas zonas interiores de montaña
- Case a metade das solicitudes corresponden a propietarios particulares de forma individual; sendo o resto agrupacións, comunidades de montes veciñais en man común e unha entidade local

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, vai resolver as axudas para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais, cun orzamento de 1,35 millóns de euros. Este montante permitirá plantar algo máis de 23.800 pés de castiñeiro e actuar nun total de 289 hectáreas, reforzando o papel de Galicia como principal comunidade autónoma en produción e exportación de castañas. Prevese que a resolución se publique o vindeiro 20 de xaneiro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A provincia máis beneficiada é a de Lugo, que acumula un 67,70 % do orzamento, xa que a presenza desta especie é maioritaria nas zonas interiores e de montaña. Lugo destaca tamén coa maior superficie de actuación, con algo máis do 67 % do total. Das 58 solicitudes aprobadas, preto da metade -46,55 %- corresponden a propietarios particulares de forma individual; sendo o resto de agrupacións forestais de xestión conxunta -14 solicitudes-, e de comunidades de montes veciñais en man común -16 solicitudes- e unha entidade local.

Cabe sinalar que estas achegas están divididas en dúas liñas, a primeira centrada no fomento de plantación para froito e a segunda na rexeneración ou mellora dos soutos tradicionais, cunha densidade mínima de 50 pés por hectárea. De feito, na primeira liña de axudas localízase a única entidade local beneficiaria, o concello pontevedrés de Pazos de Borbén.

Esta partida está enmarcada dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España, na súa compoñente destinada á conservación e restauración dos ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade, que ten como obxectivo acadar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica.

Ao mesmo tempo, responde ás metas marcadas no Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", que recolle nun dos seus eixes a elaboración do Plan estratéxico do castiñeiro e produción de castaña en Galicia, que veu a luz no 2022 e que deu orixe a esta liña de axudas. Neste sentido, materialízase o importante compromiso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do Goberno autonómico a prol da recuperación de soutos tradicionais, tendo en conta a importancia económica do castiñeiro en Galicia.

Importancia do castiñeiro en Galicia

Cómpre lembrar que estas axudas son de vital importancia para o monte galego, xa que o castiñeiro está considerada como unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, sendo un recurso de grande relevancia desde o punto de vista da alimentación, como polo seu valor para usos madeireiros.

Por outra banda, Galicia é a principal comunidade autónoma en produción e exportación de castaña, absorbendo máis da metade da produción e comercialización do país.